Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 59528 (11/PNC-004968)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que constitúa unha mesa de traballo que elabore achegas ao Plan nacional integrado de enerxía e clima 2023-2030 co obxecto de que recolla os intereses de Galicia neste ámbito

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 59540 (11/PNC-004969)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que atenda a reclamación de maior dotación de profesorado e de prazas de comedor para o CEIP Bouza Brey, de Ponteareas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 59639 (11/PNC-004970)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Caballero Miguez, Gonzalo e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para apoiar os universitarios e as súas familias ante a crise de prezos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 59645 (11/PNC-004971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Torrado Quintela, Julio

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da modificación da norma actual que regula as artes, os aparellos e os útiles para a extracción de recursos mariños vivos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 59652 (11/PNC-004972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda ao Goberno galego do impulso das medidas solicitadas polas organizacións agrarias contra os efectos da seca e a suba dos custos

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 59658 (11/PNC-004973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín



Sobre a demanda á Xunta de Galicia do impulso dun plan para aplicar tratamentos contra o cancro do castiñeiro en todas as zonas afectadas

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 59665 (11/PNC-004974)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia orientadas á defensa das produtoras e dos produtores na fixación de prezos na cadea do sector lácteo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 59672 (11/PNC-004975)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e Fernández Davila, María Cristina

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia co obxecto de mellorar o transporte escolar no ámbito rural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 59740 (11/PNC-004976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que investigue e resolva a ocupación ilegal dunha presunta propiedade da Consellería do Medio Rural no concello de Arteixo co obxecto de acabar coas actividades ilícitas que denuncian os veciños

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes

- 59743 (11/PNC-004977)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e 6 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que continúe apoiando a transformación e modernización do sector do comercio

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 59747 (11/PNC-004978)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da publicación e da remisión ao Parlamento dos resultados do convenio coa Fundación Juana de Vega para analizar e impulsar as fusións municipais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 59752 (11/PNC-004979)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co tráfico e coa descarga de túnidos no porto da Pobra do Caramiñal

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 59780 (11/PNC-004980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a demanda á Xunta de Galicia dun plan de apoio ás pequenas e medianas empresas para faceren fronte á ciberdelincuencia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 59786 (11/PNC-004981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre determinadas actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos servizos de atención e de asesoramento ao colectivo LGTBI

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 59800 (11/PNC-004982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas para modernizar e mellorar os medios tecnolóxicos da Administración de xustiza

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 59810 (11/PNC-004983)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe pór en marcha a Xunta de Galicia en relación coa dotación docente e profesional do CEIP A Ponte, de Ourense, co obxecto de mellorar a calidade educativa

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 59827 (11/PNC-004984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Seco García, Martín

Sobre as achegas que debe incluír a Xunta de Galicia nos traballos dirixidos á actualización da lexislación sobre os montes veciñais en man común

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 59828 (11/PNC-004985)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de prevención do suicidio

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 59839 (11/PNC-004986)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co obxecto de que remita ao Parlamento a información relativa ás previsións respecto da elaboración dunha nova norma do réxime das entidades locais

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior



- 59852 (11/PNC-004987)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre determinadas medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia no que atinxe aos horarios lectivos e a outros axustes demandados polos sindicatos do ensino

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 59858 (11/PNC-004988)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia de medidas de prevención da sinistralidade viaria en Ourense causada por animais salvaxes durante o período da declaración da emerxencia cinxética temporal

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 59869 (11/PNC-004989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que impulse a adhesión da vila de Baiona á Asociación Internacional de Cidades Colombinas (CICO) e o compromiso con esta asociación

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

1.4. Procedementos de información

1.4.2. Solicitudes de comparecencia

1.4.2.1. Solicitudes de comparecencia en Pleno

Admisión a trámite, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 59971 (11/PPP-000139)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, por petición propia, para informar do inicio do curso 2023-24 no ensino non universitario de Galicia

1.4.2.2. Solicitudes de comparecencia en Comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, traslado á Mesa da comisión e publicación

- 59807 (11/CPC-000118)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Do secretario xeral de Política Lingüística, por petición do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para explicar a postura da Xunta de Galicia respecto do uso do galego no Congreso

Comisión 4ª, Educación e Cultura

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2023

María Elena Candia López


Vicepresidenta 1ª





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



No artigo 48 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, establécese -no seu primeiro inciso- que a Xunta solicitará anualmente do Parlamento, ao comenzo dun dos períodos de sesións, a celebración dun debate de política xeral.

Neste inicio do novo período de sesións, solicito, en nome da Xunta de Galicia, que a celebración dese debate de política xeral teña lugar nunha sesión plenaria no vindeiro mes de outubro.

Esta sesión tería un único punto na orde do día:

"Comparecencia do Presidente da Xunta para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia".

Santiago de Compostela,

O Vicepresidente primeiro e conselleiro de

Presidencia, Xustiza e Deportes

(ASINADO DIXITALMENTE)

Diego Calvo Pouso

XUNTA
DE GALICIA

Saída 16980 / RX 1751217

Registro Xeral da Xunta da Galicia
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 18/09/2023 13:07:19



Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

POUSO, DIEGO
Vicepresidente 1º e Conselleiro
Data e hora: 18/09/2023 10:11:25

CSV: BOPGDSPG-ladCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/verificac>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de setembro, sobre os servizos de inspección da Consellería de Política Social e Xuventude (doc. núm **57411**, [11/INT-002683]).

Moción

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a

- 1.- Incoar, con carácter inmediato e urxente, un procedemento de investigación sobre a existencia de comunicacións previas e irregulares da data na que a inspección de servizos sociais visitaría centros de maiores e discapacidade.
- 2.- Mellorar a organización e medios materiais, así como incrementar o cadro de inspectores/as de servizos sociais, recuperando, asemade, o sistema de visitas seguido durante o primeiro semestre de 2023 que permitía que só a inspectora actuante coñecera con antelación o centro a inspeccionar.
- 3.- Remitir ao Parlamento, antes da finalización do actual período de sesións, informe relativo aos procedementos administrativos de penalidades tramitados nos últimos 5 anos, con indicación da resolución adoptada en cada caso.
- 4.- Informar ao Parlamento das resolucións sancionadoras firmes impostas nos últimos dez anos, con indicación da tipificación da infracción e da sanción imposta e, no





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

seu caso, satisfeita, así como das resolucións acordando o arquivo do procedemento por prescrición da infracción ou caducidade de procedemento.

5.- Dar cumprimento ao artigo 9 do Regulamento do Parlamento de Galiza e remitir de inmediato a información solicitada por esta canle.

6.- Incrementar os cadros de persoal de atención directa nos centros socio-sanitarios ate superar os rateos mínimos actualmente vixentes.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2023 18:28:43

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2023 18:28:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o pasado 13 de setembro, sobre a situación da asistencia sanitaria na atención primaria (doc. núm **58114**, [11/INT-002710]).

Moción

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1.- Aumentar no orzamento da Xunta para 2024 a contía destinada a Atención Primaria en como mínimo o 25% para poder chegar no prazo de catro anos ao 25%, excluído o gasto farmacéutico, do total destinado a sanidade.

2.- Presentar no prazo máximo dun mes un informe no Parlamento coa seguinte información:

- Relación de centros de saúde con prazas estruturais sen cubrir.
- Número de xubilacións que se van a producir nos vindeiros cinco anos e previsión de cobertura.
- Número de galeg@s sen asignación de médic@ de familia e pediatra, desagregado por centro de saúde e concello.
- Número de profesionais que están realizando un aumento de xornada laboral, especificando a modalidade: prolongación, intersubstitución...desagregado por categorías.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Número medio de horas mensual que están a realizar @s profesionais
- Número medio de doentes que están atendendo cada día.
- Porcentaxe de eventualidade do persoal do Sergas, desagregado por categorías.

3.- Rematar coa derivación permanente de recursos públicos cara a sanidade privada, tomando todas as medidas para que a rede pública teña os recursos precisos tanto materiais como humanos para atender a demanda existente, a empezar por ter operativos en horario de mañá e tarde todos os recursos dos que dispón o Sergas, aparatos diagnósticos, camas, quirófanos..

4.-Rectificar a decisión de pagar o complemento por dedicación exclusiva @s profesionais que desenvolvan a súa actividade na sanidade pública e na privada, e polo tanto só establecer a mesma para o persoal médico que traballa exclusivamente na Sanidade Pública.”

Santiago de Compostela, 15 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 15/09/2023 12:32:15

Ana Pontón Mondelo na data 15/09/2023 12:32:24



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na Sesión plenaria celebrada os días 12 e 13 de setembro do 2023, sobre a programación das inspección aos centros de atención residencial (11/INT-002686, doc. núm. 57593)

Moción

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar significativamente o persoal inspector de servizos sociais (nomeadamente os que inspeccionan centros de maiores e discapacidade) da Xunta de Galicia, para chegar como mínimo á porcentaxe da media estatal.
2. Realizar unha investigación exhaustiva sobre o funcionamento completo do sistema de inspección no ámbito dos Servizos Sociais de Galicia e presentar os resultados ao Parlamento de Galicia. Esta investigación deberá abordar diversos aspectos, como a identificación de casos nos que prescribieran faltas debido á falta de tramitación ou ao vencemento de prazos nos expedientes sometidos a inspección. Asimismo, deberase analizar se se cualificou como falta leve algún incumprimento que estivese tipificado como falta grave, investigar a existencia de informes e/ou discusións en reunións, incluíndo as de coordinación, relacionados con posibles filtracións das visitas de inspección e recoller datos sobre a carga de traballo de cada inspector, así como a cantidade de quilómetros percorridos por cada un, entre outros aspectos relevantes. Os resultados desta investigación deberán ser presentados ao Parlamento de Galicia para a súa avaliación e consideración.
3. Incrementar as ratio de profesionais nas residencias e melloralas condicións laborais das mesmas.



4. Crear centros públicos de xestión directa específicos y multidisciplinares para residentes menores de 65 anos con patoloxías psiquiátricas e/ou adiccións.
5. Regresar ao método de traballo da inspección que garanta a confidencialidade das visitas, tal e como recomenda a Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais.
6. Que se traslade á Cámara galega:
 - a) Listaxe de tódalas inspeccións de Servizos Sociais realizadas nos últimos 5 anos. A listaxe debe reflectir, código do persoal que realizou a visita de inspección, data na que se realizou a inspección, centro inspeccionado, entidade titular, tipificación dos incumprimentos detectados en acta.
 - b) Listaxe de inspeccións realizadas a tódolos centros de xestión directa da Xunta de Galicia e do Consorcio Galego de Servizos Sociais nos últimos 3 anos. A listaxe debe reflectir, código do persoal que realizou a visita de inspección, data na que se realizou a inspección, centro inspeccionado, entidade titular, tipificación dos incumprimentos detectados en acta.
 - c) Criterios seguidos para a orde de apertura dos sancionadores.
 - d) Contestacións ás familias das reclamacións presentadas nos dous últimos anos tal e como recolle o Decreto 254/2011 nos artigos 43 e 45.

Santiago de Compostela, 15 de setembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/09/2023 10:00:00
Nº Rexistro: 59901
Data envío: 15/09/2023 20:04:49.109

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 15/09/2023 20:04:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/09/2023 20:04:11

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
215884

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carmela González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre o peche da central térmica das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de agosto do presente ano 2023 o BOE publicou resolución da Dirección xeral de política enerxética e minas pola que se autoriza o peche dos catro grupos da central térmica que ENDESA GENERACIÓN, S.A. ten na vila das Pontes, cada un deles con unha potencia neta de 350 MW.

Este peche, solicitado formalmente pola sociedade propietaria da central en decembro do ano 2019, e polo tanto coñecido desde hai case 4 anos, prodúcese malia estes feitos nun contexto de grande incerteza en canto ao futuro da vila e da comarca, e nomeadamente en canto á viabilidade dos diferentes proxectos empresariais anunciados, xa que unha das cuestións básicas, se non a principal, para asegurar a viabilidade destes proxectos mantense como a gran incógnita de todo o proceso de transición enerxética do estado español, que pasou coa capacidade de evacuación ao sistema que vai liberar o peche dos 4 grupos da central, que suman aproximadamente 1.400 MW, e que segundo REDEIA, operador do sistema, é de 0 para o caso da térmica das Pontes.

Desde o BNG temos chamado a atención sobre a transcendencia desta capacidade vacante na rede de transporte desde o momento mesmo que coñecemos a solicitude de peche por parte de ENDESA, mesmo antes de que o ministerio regulase o





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

que veu en denominarse nó de transición e o proceso para adxudicalos a través dos concursos de transición, e por este motivo celebramos, no seu día, que o nó de transición das Pontes figurase explicitamente no listado do RDLei 23/2020 polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica.

Non chegamos a comprender a que se debe que segundo REDEIA a capacidade deste nó sexa de 0 MW, feito que vimos denunciando a través de diferentes iniciativas tanto no Congreso dos deputados como no Parlamento Galego por ser unha discriminación evidente respecto do acontecido en outros casos de peches de centrais térmicas, e por ser un factor de risco moi grave para o futuro industrial e social tanto da vila das Pontes como de toda comarca.

Na actualidade, coa autorización do peche dos 4 grupos xa oficial, non hai escusa para que non se aclare todo o relativo ao nó de transición das Pontes, e para que se impulse dun xeito urxente o concurso de transición para a vila das Pontes, a mellor baza sen dúbida ningunha para evitar o desastre económico e social do peche da térmica sen alternativas industriais e laborais, e que un estudo da Universidade da Coruña estima na destrución de entre 1.000 e 1.400 postos de traballo.

Lembramos, a este respecto, que o concurso de transición para adxudicar o nó de acceso que libera o peche da térmica de Andorra-Teruel, tamén de ENDESA, resolveuse polo ministerio a favor dunha oferta que significa o investimento de 1.200 millóns de euros e a previsión de crear 3.500 empregos, unha adxudicación que ademais de ser unha resolución governativa a un proceso concorrente entre diferentes ofertas, e polo tanto fundada en criterios obxectivos, inclúe a presentación de garantías bancarias, e que goza, polo tanto, dun nivel de certeza que contrasta coa situación de inseguridade que se respira nas Pontes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estas razón, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a exixir ao Goberno do Estado:

1. O mantemento dos 1.400MW de evacuación da CT de carbón das Pontes no nó de Transición xusta do Concello das Pontes, e a convocatoria inmediata e urxente do Concurso de transición xusta para a adxudicación deste nó de transición co mesmo procedemento empregado para adxudicar o acceso ao nó da CT de Andorra-Teruel

2. A convocatoria inmediata e urxente da Mesa de transición xusta das Pontes, coa participación de todos os seus integrantes e unha representación de REDEIA como operador do sistema.”

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 23/08/2023 10:23:45

Carmela González Iglesias na data 23/08/2023 10:23:50

Ana Pontón Mondelo na data 23/08/2023 10:24:00

Ramón Fernández Alfonzo na data 23/08/2023 10:24:10





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A posta en servizo da Alta Velocidade en Galicia coa súa chegada a cidade das Burgas levouse a cabo de xeito provisional, xa que obras salientables como a construción da Variante Exterior a Ourense e mesmo a remodelación da estación ferroviaria nin sequera estaban licitadas daquela.

O problema non é xa a provisionalidade coa que se puxo en marcha o servizo, o grave é que 20 meses despois todo segue igual. O AVE segue sen chegar ao resto das cidades de Galicia nin hai rastro dos trens AVRIL. Tampouco se constatan avances significativos nas obras aínda pendentes.

O proceso de tramitación dos traballos de remodelación na estación intermodal ferroviaria segue sen avances despois de que o pasado 2 de agosto sorprendentemente o Goberno central paralizara a apertura das ofertas económicas recibidas, sen dar explicación e, o que é peor, sen fixar nova data. No que atinxe ás obras da Variante Exterior, que se iniciaron a principios do ano 2022 con máis dunha década de retraso, van tan lentas que, a estas alturas e ao ritmo actual, os prazos de execución fixados semellan imposible de cumprir.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **proposición non de lei en Pleno**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pedir ao Goberno de España que axilice os traballos da Variante Exterior de Ourense de tal xeito que se cumpran os prazos de execución previstos na contratación das obras desta infraestrutura ferroviaria”.





Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 12:42:59

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 12:43:18

María Sol Díaz Mouteira na data 08/09/2023 12:43:30

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/09/2023 12:43:47

José Manuel Balseiro Orol na data 08/09/2023 12:44:01

Carmen María Pomar Tojo na data 08/09/2023 12:44:17

Ramón Carballo Páez na data 08/09/2023 12:44:34

María Belén Salido Maroño na data 08/09/2023 12:44:46

José Luis Ferro Iglesias na data 08/09/2023 12:44:56

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/09/2023 12:45:12

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/09/2023 12:45:28

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

De acordo con o recolleito no Real Decreto 1090/2015, do 4 de decembro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, os Comités de Ética da Investigación con medicamentos e o Rexistro Español de Estudos Clínicos, enténdese por ensaio clínico toda investigación relativa a persoas destinada a descubrir ou comprobar os efectos clínicos, farmacolóxicos ou demais efectos farmacodinámicos, identificar calquera reacción adversa ou a estudar a absorción, a distribución, o metabolismo e a excreción de medicamentos, co obxectivo de determinar a seguridade e/o eficacia dos mesmos, sempre que cumpra calquera das seguintes condicións:

- Que se asigne de antemán ao suxeito de ensaio a unha estratexia terapéutica determinada, que non forma parte da práctica clínica habitual do Estado membro implicado.
- Que a decisión de prescribir os medicamentos en investigación tómesese xunto coa de incluír ao suxeito no estudo clínico.
- Que se apliquen procedementos de diagnóstico ou seguimento aos suxeitos de ensaio que van máis aló da práctica clínica habitual. Os ensaios clínicos desempeñan un papel fundamental no campo da saúde e a medicina. Estes estudos son esenciais, xa que a súa importancia radica na capacidade para

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal



proporcionar evidencia científica sólida sobre a efectividade de determinados tratamentos médicos. Estes ensaios permiten ós investigadores recompilar datos obxectivos e fiables sobre a eficacia dun novo tratamento en comparación coas opcións existentes á vez de avaliar a seguridade destes.

Estes estudos xeran evidencia científica certa, contribúen ó avance científico e brindan ós pacientes acceso a opcións de tratamento innovadoras. A súa importancia radica na capacidade para mellorar a calidade da atención sanitaria, garantindo a seguridade e eficacia das intervencións médicas.

En Galicia non somos alleos ó papel que os ensaios clínicos xogan na mellora da atención e a calidade sanitaria. A día de hoxe, a nosa comunidade conta con tres institutos de investigación sanitaria acreditados polo Instituto de Investigación Carlos III, o cal sitúa a Galicia como unha das 5 comunidades con máis institutos de investigación sanitaria acreditados. Esta situación é o resultado da aposta pola investigación que a Xunta leva realizando ó longo dos anos, e do seu esforzo inversor, que neste 2023 supuxo, por exemplo, un incremento de máis do 9% do orzamento para investigación sanitaria.

Este aumento continuado de recursos permitiu pór en marcha iniciativas como INNOVATRIAL, centrada en integrar a investigación clínica coa actividade asistencial ou participar en diferentes redes de investigación como a Plataforma SCReN ou a Red INSPIRE.

Do mesmo xeito continuouse ampliando o traballo realizado polos distintos hospitais do Sergas ou a inauguración das primeiras unidades de ensaios clínicos de fases temperás de Galicia.

Este elevado volume de ensaios clínicos buscan promover a investigación clínica, contribuír ó avance da ciencia e a mellora da atención sanitaria en Galicia. É por elo, que para un mellor ordenamento na investigación e avaliación de tratamentos médicos, sería preciso mellorar a coordinación e información dos investigadores de toda Galicia,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





de maneira que se coñeza a totalidade dos ensaios clínicos que se está a realizar, co fin último de beneficiar ós profesionais e pacientes de toda Galicia. Isto permitirá, ao mesmo tempo, facilitar a participación en estudos clínicos recentemente autorizados ou en marcha e contribuír en alcanzar así resultados máis fiables.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un sistema de información que permita a todos os profesionais e pacientes galegos coñecer a totalidade de ensaios clínicos que se están a desenvolver en Galicia co obxecto de poder solicitar, de ser o caso, o seu acceso aos mesmos".

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 12:58:09

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 12:58:29

María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 12:58:46

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 12:59:00

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 12:59:14

López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 12:59:28

Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 12:59:43





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A día de hoxe a nosa Comunidade é, en palabras da presidenta da Sociedade de Pediatría de Galicia, a comunidade autónoma que ten a taxa máis baixa de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia que non son especialistas.

Este feito sitúa a Galicia entre as poucas comunidades onde a atención pediátrica nos centros de saúde é realizada en case o 90% dos casos especificamente por especialistas en pediatría. Situándonos por debaixo da media nacional de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia (25,1%) e moi por debaixo doutras comunidades como Castela – A Mancha onde os médicos de familia ocupan en torno ó 41% das prazas.

Malia esta boa situación na que se atopa Galicia, todos somos coñecedores de que no conxunto España estamos atravesando unha situación de escaseza xeral de especialistas de distintos ámbitos, entre os que destacan os especialistas de medicina de familia e os pediatras.

Esta circunstancia complica a cobertura de determinadas prazas e dificulta a substitución do persoal en determinadas situacións.





Para mellorar esta situación a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes medidas, como manter a oferta do 100% de prazas MIR de pediatría, apostando pola formación dos sanitarios e cunha visión e planificación a longo prazo que pensa nas necesidades futuras do sistema.

Do mesmo xeito, e sendo consciente da dificultade de cobertura que algunhas prazas de pediatría de atención primaria poden ter, aprobamos neste Parlamento unha lei que habilitou á Consellería de Sanidade a convocar prazas por concurso de méritos para determinadas especialidades, entre a que destacan a medicina de familia e a pediatría de atención primaria. En virtude desta norma, e vendo o éxito da primeira convocatoria de 106 prazas de médico de familia, o pasado mes de maio, a Xunta de Galicia convocou 60 prazas de pediatra de atención primaria mediante esta modalidade.

Para continuar por este camiño téñense que estudar diferentes fórmulas sempre en constante colaboración coas sociedades de pediatría, para tentar facer máis atractivas as devanditas prazas.

Estas sociedades teñen apuntado a que un xeito de dar maior atractivo ás prazas de atención primaria podería ser facilitar a estes profesionais compaxinar a presenza no seu centro de saúde con determinadas actividades hospitalarias, como consultas especializadas ou gardas de urxencias.

Este enfoque estivo dipoñible este verán polo Servizo Galego de Saúde á hora de ofertar contratos ao persoal facultativo residente que remataba a súa formación, incluíndo unha cláusula específica que permitía fixar un máximo dun 40% da xornada noutro centro hospitalario ou de atención primaria da mesma área.

O Grupo Parlamentario Popular ve esta medida, que se adoptou de xeito extraordinario e cunha vixencia limitada, como un modelo a estender e consolidar para facilitar a





cobertura de prazas nos centros de atención primaria ou nos hospitais comarcais por parte de profesionais que teñen tamén inqueda por participar en determinados tipos de actividade clínica que se localizan nos centros máis grandes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consolidar as medidas de flexibilización das condicións de contratación no ámbito da asistencia pediátrica para permitir a prestación de parte do servizo en centros distintos ao fixado como principal, facilitando compaxinar a actividade diaria en atención primaria ou nun hospital comarcal co desempeño doutras actividades clínicas no hospital xeral da súa área sanitaria”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 13:03:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 13:03:36

María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 13:03:55

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 13:04:09

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 13:04:25

López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 13:04:39

Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 13:04:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A humanización na sanidade é de suma importancia xa que busca poñer o centro de atención nas persoas que están a recibir os coidados médicos. Trátase de brindar un trato cálido, respectuoso e empático ós pacientes, recoñecendo a súa dignidade e valor como seres humanos.

Crear un ambiente de confianza e confort para o paciente contribúe a unha mellor comunicación entre o profesional sanitario e o paciente. Esta situación á súa vez pode mellorar o diagnóstico e o tratamento, axudando a reducir o estrés e a ansiedade que poden experimentar os pacientes durante a súa estancia no hospital ou en consultas médicas.

Por outra banda, a humanización na sanidade tamén implica coidar e apoiar aos familiares dos pacientes. Comprender as súas preocupacións e necesidades, e proporcionarlles información clara e comprensible, pode axudar a aliviar a súa angustia emocional e promover a colaboración entre o equipo médico e a familia.

A Xunta de Galicia leva anos pondo en marcha diferentes liñas de actuación de cara a mellorar a accesibilidade, o trato e a calidade asistencial no servizo galego de saúde, é dicir, implementando políticas de humanización na organización.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Exemplo desta política foi a publicación da Estratexia de Humanización da Asistencia Sanitaria do Sergas, un documento que recolle unha serie de accións dirixidas a fomentar a boa relación entre as persoas, a mellora das instalacións con espazos máis amables, a racionalización dos trámites administrativos, a posta en marcha de actuacións en áreas especialmente sensibles, a obtención dunha contorna de traballo satisfactorio e a mellora da relación coas persoas usuarias.

Este documento incluía, entre outras medidas, varios avances na humanización da atención ao parto como a xeneralización dos plans de parto ou o acompañamento psicolóxico e emocional na detección de patoloxía fetal ou na atención á morte perinatal, cunha guía de atención para este último proceso publicada no ano 2020.

Pero sempre quedan avances pendentes e cousas por facer e, neste sentido, este grupo parlamentario fomos testemuño de como nos últimos meses diferentes áreas sanitarias foron implantando distintos protocolos na atención ó nacemento por cesárea. Estes protocolos, elaborados polos servizos de Obstetricia e Xinecoloxía, Pediatría e Anestesioloxía e coa participación de facultativos e matronas, buscan estandarizar e normalizar a cesárea con acompañante nos quirófanos e o contacto pel con pel do recién nado, facilitando a satisfacción das pacientes e das familias.

Posto que os avances neste eido concreto aínda son dispersos e existe unha demanda social crecente por elevar de xeito global os estándares de humanización a este tipo de partos en Galicia, cremos que a Consellería de Sanidade debe implicarse en garantir unha homoxeneidade neste eido.

Por todo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha guía que homoxeneice en todas as áreas sanitarias o protocolo de atención aos nacementos por cesárea para permitir o acompañamento no parto da persoa que a nai decida e para posibilitar o contacto pel con pel continuado co recién nado”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 13:07:34

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 13:07:53

María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 13:08:08

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 13:08:21

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 13:08:36

López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 13:08:55

Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 13:09:10



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz e das súas deputadas **Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade. Investir en educación é equivalente a investir nas persoas. Non hai desenvolvemento económico, social ou persoal que non pase por unha firme aposta por un sistema educativo de calidade.

A grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, ten o seu reflexo en varios feitos:

- No ano 1998 había en Galicia 22.276 nenas e nenos de 6 anos que é idade na que se inicia a escolarización obrigatoria en educación.
- As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 14.486 o número de nenas e nenos de 6 anos no ano 2031 (dentro de oito anos).
- Do mesmo xeito, no ano 1998 había en Galicia 28.899 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2020 esa cifra descendeu ata os 23.176, unha redución do 19,80%.
- As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 17.930 o número de alumnos a alumnas de 16 anos no ano 2031 (dentro de oito anos).



A perda de alumnos/as e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia desa grave crise demográfica que atravesamos Galicia, incluso o peche dalgún centro, dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixiadas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

- A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.
- A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

As anteriores afirmacións poñen o foco sobre un problema que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten abordado nin dende o ámbito político nin moito menos dende a acción governamental na última década, negando toda posibilidade de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade ao sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do goberno contrarias a un interese común acordado co máis amplo consenso posible.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación inclúe un artigo específico, o 82, relativo á igualdade de oportunidades no ámbito rural, establecendo con claridade que as administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural proporcionándolle os medios e sistemas



organizativos necesarios para atender ás súas necesidades particulares e **garantir a igualdade de oportunidades**, que impulsarán o incremento da escolarización do alumnado de zona rural nos ensinos non obrigatorios, procurando unha oferta diversificada destes ensinos, relacionada coas necesidades da contorna, adoptando as oportunas medidas para que dita oferta proporcione unha formación de calidade, especialmente con programas de formación profesional vinculados ás actividades e recursos da contorna, que para garantir a igualdade de oportunidades no ámbito rural, realizárase un axuste razoable dos criterios para a organización da optatividade do alumnado de educación secundaria nos centros que polo seu tamaño puidesen vela restrinxida, que facilitarán a dotación dos centros do ámbito rural con recursos humanos suficientes e fomentarán a formación específica do profesorado das zonas rurais, favorecendo a súa vinculación e identificación cos proxectos educativos do centro e que dotarán á escola rural de materiais de aprendizaxe e de recursos educativos na internet.

No caso do CEIP Otero Pedrayo de Rábade, o goberno galego ven de anunciar a redución dunha unidade, logo de agrupar os alumnos de 4º e 5º curso, que contan cada un deles con oito alumnos, ao que se engade a existencia dun alumno que precisa dun auxiliar técnico educativo (coidador/a).

Esta decisión prodúcese a moi escasos días do inicio de curso, de xeito arbitrario, unilateral, imposto sen ningún tipo de diálogo, e coa única finalidade de reducir o gasto en profesorado sen importar as consecuencias sobre o alumnado desa redución.

En definitiva, una decisión que contradí as declaracións autocompracentes dos responsables do goberno galego que, situados nun imaxinario perfecto, non chegan a ver as verdadeiras eivas que ten o noso ensino público das que son os únicos responsables.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a manter en funcionamento de xeito separado os niveis de 4º e 5º de Educación Primaria no CEIP Otero Pedrayo de Rábade.

Santiago de Compostela, 8 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2023 13:39:32

Patricia Otero Rodríguez na data 08/09/2023 13:39:46

Noelia Otero Lago na data 08/09/2023 13:39:58

Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2023 13:40:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Diego Lourenzo Moura**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta convocou as axudas para o ano 2023 para a creación de empresas para as persoas mozas agricultoras por medio da Orde do 29 de decembro do 2022, financiadas con fondos EURI, os fondos de recuperación da Unión europea e tamén para o desenvolvemento das pequenas explotacións financiadas con fondos FEADER a cargo do PDR de Galiza 2014-2020. No artigo 22 desta orde estipúlase o prazo máximo de entrega das licenzas ata o día 30 de setembro.

Debido á entrada en vigor do novo período da PAC o persoal técnico que traballa no sector agrario viu incrementadas as súas cargas de traballo dun xeito exponencial polo outras cuestións non puideron ser atendidas por eles e igualdade de condicións que outros anos, referímonos precisamente a convocatoria para as novas incorporación e plans de mellora.

Nin sequera se trataría de contar cos medios económicos para incrementar as plantillas contratando novo persoal, porque a elevada cualificación por específica é difícil de encontrar, e son os mesmos técnicos os que atenden as solicitudes do primeiro pilar da PAC e as do segundo, polo que en épocas de cambios como estas é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprensible que a saturación impida atender tódolos fronts coa mesma eficiencia que cando un período da PAC se encontra xa coñecido e estabilizado.

A priorización convértese no único modo de dar atención ás necesidades das persoas solicitantes e isto levou a que a maioría dos técnicos tiveran que aprazar a elaboración dos proxectos.

Tamén as administración que tramitan Autorizacións Sectoriais están saturadas e que o período estival é un lexítimo período para as vacacións do persoal provoca a imposibilidade de contar coas licencias de obras para o 30 de setembro.

Este problema redunda directamente no proceso de modernización das explotacións e na incorporación de mozos e mozas, pois ambos casos soen ir acompañados de unha obra que necesita licencia, e precisamente o que precisamos no país é incorporación de mocidade aos labores agrogandeiros e a mellora das granxas existentes.

Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 18:25:36
Nº Rexistro: 59868
Data envío: 14/09/2023 18:25:36.365

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2023 18:23:38

Martín Seco García na data 14/09/2023 18:23:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 18:23:55

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
216022

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez e Begoña Freire Vázquez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A posta en servizo da Alta Velocidade en Galicia coa súa chegada a cidade das Burgas levouse a cabo de xeito provisional, xa que obras salientables como a construción da Variante Exterior a Ourense e mesmo a remodelación da estación ferroviaria nin sequera estaban licitadas daquela.

O problema non é xa a provisionalidade coa que se puxo en marcha o servizo, o grave é que 20 meses despois todo segue igual. O AVE segue sen chegar ao resto das cidades de Galicia nin hai rastro dos trens AVRIL. Tampouco se constatan avances significativos nas obras aínda pendentes.

O proceso de tramitación dos traballos de remodelación na estación intermodal ferroviaria segue sen avances despois de que o pasado 2 de agosto sorprendentemente o Goberno central paralizara a apertura das ofertas económicas recibidas, sen dar explicación e, o que é peor, sen fixar nova data. No que atinxe ás obras da Variante Exterior, que se iniciaron a principios do ano 2022 con máis dunha década de retraso, van tan lentas que, a estas alturas e ao ritmo actual, os prazos de execución fixados semellan imposible de cumprir.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte **proposición non de lei en Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a pedir ao Goberno de España que axilice os traballos da Variante Exterior de Ourense de tal xeito que se cumpran os prazos de execución previstos na contratación das obras desta infraestrutura ferroviaria”.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2023 12:46:49
Nº Rexistro: 59195
Data envío: 08/09/2023 12:46:49.001

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 12:35:28

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 12:37:08

María Sol Díaz Mouteira na data 08/09/2023 12:37:37

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 08/09/2023 12:38:50

José Manuel Balseiro Orol na data 08/09/2023 12:39:03

Carmen María Pomar Tojo na data 08/09/2023 12:39:37

Ramón Carballo Páez na data 08/09/2023 12:39:59

María Belén Salido Maroño na data 08/09/2023 12:40:25

José Luis Ferro Iglesias na data 08/09/2023 12:41:28

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/09/2023 12:41:43

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/09/2023 12:42:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iaDCfoqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

De acordo con o recolleito no Real Decreto 1090/2015, do 4 de decembro, polo que se regulan os ensaios clínicos con medicamentos, os Comités de Ética da Investigación con medicamentos e o Rexistro Español de Estudos Clínicos, enténdese por ensaio clínico toda investigación relativa a persoas destinada a descubrir ou comprobar os efectos clínicos, farmacolóxicos ou demais efectos farmacodinámicos, identificar calquera reacción adversa ou a estudar a absorción, a distribución, o metabolismo e a excreción de medicamentos, co obxectivo de determinar a seguridade e/o eficacia dos mesmos, sempre que cumpra calquera das seguintes condicións:

- Que se asigne de antemán ao suxeito de ensaio a unha estratexia terapéutica determinada, que non forma parte da práctica clínica habitual do Estado membro implicado.
- Que a decisión de prescribir os medicamentos en investigación tómesese xunto coa de incluír ao suxeito no estudo clínico.
- Que se apliquen procedementos de diagnóstico ou seguimento aos suxeitos de ensaio que van máis aló da práctica clínica habitual. Os ensaios clínicos desempeñan un papel fundamental no campo da saúde e a medicina. Estes

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





estudos son esenciais, xa que a súa importancia radica na capacidade para proporcionar evidencia científica sólida sobre a efectividade de determinados tratamentos médicos. Estes ensaios permiten ós investigadores recompilar datos obxectivos e fiables sobre a eficacia dun novo tratamento en comparación coas opcións existentes á vez de avaliar a seguridade destes.

Estes estudos xeran evidencia científica certa, contribúen ó avance científico e brindan ós pacientes acceso a opcións de tratamento innovadoras. A súa importancia radica na capacidade para mellorar a calidade da atención sanitaria, garantindo a seguridade e eficacia das intervencións médicas.

En Galicia non somos alleos ó papel que os ensaios clínicos xogan na mellora da atención e a calidade sanitaria. A día de hoxe, a nosa comunidade conta con tres institutos de investigación sanitaria acreditados polo Instituto de Investigación Carlos III, o cal sitúa a Galicia como unha das 5 comunidades con máis institutos de investigación sanitaria acreditados. Esta situación é o resultado da aposta pola investigación que a Xunta leva realizando ó longo dos anos, e do seu esforzo inversor, que neste 2023 supuxo, por exemplo, un incremento de máis do 9% do orzamento para investigación sanitaria.

Este aumento continuado de recursos permitiu pór en marcha iniciativas como INNOVATRIAL, centrada en integrar a investigación clínica coa actividade asistencial ou participar en diferentes redes de investigación como a Plataforma SCReN ou a Red INSPIRE.

Do mesmo xeito continuouse ampliando o traballo realizado polos distintos hospitais do Sergas ou a inauguración das primeiras unidades de ensaios clínicos de fases temperás de Galicia.

Este elevado volume de ensaios clínicos buscan promover a investigación clínica, contribuír ó avance da ciencia e a mellora da atención sanitaria en Galicia. É por elo, que para un mellor ordenamento na investigación e avaliación de tratamentos médicos,

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





sería preciso mellorar a coordinación e información dos investigadores de toda Galicia, de maneira que se coñeza a totalidade dos ensaios clínicos que se está a realizar, co fin último de beneficiar ós profesionais e pacientes de toda Galicia. Isto permitirá, ao mesmo tempo, facilitar a participación en estudos clínicos recentemente autorizados ou en marcha e contribuír en alcanzar así resultados máis fiables.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a crear un sistema de información que permita a todos os profesionais e pacientes galegos coñecer a totalidade de ensaios clínicos que se están a desenvolver en Galicia co obxecto de poder solicitar, de ser o caso, o seu acceso aos mesmos".

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 12:55:50

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 12:56:08

María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 12:56:25

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 12:56:42

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 12:56:57

López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 12:57:12

Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 12:57:24





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A día de hoxe a nosa Comunidade é, en palabras da presidenta da Sociedade de Pediatría de Galicia, a comunidade autónoma que ten a taxa máis baixa de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia que non son especialistas.

Este feito sitúa a Galicia entre as poucas comunidades onde a atención pediátrica nos centros de saúde é realizada en case o 90% dos casos especificamente por especialistas en pediatría. Situándonos por debaixo da media nacional de ocupación de prazas de pediatría por parte de médicos de familia (25,1%) e moi por debaixo doutras comunidades como Castela – A Mancha onde os médicos de familia ocupan en torno ó 41% das prazas.

Malia esta boa situación na que se atopa Galicia, todos somos coñecedores de que no conxunto España estamos atravesando unha situación de escaseza xeral de especialistas de distintos ámbitos, entre os que destacan os especialistas de medicina de familia e os pediatras.

Esta circunstancia complica a cobertura de determinadas prazas e dificulta a substitución do persoal en determinadas situacións.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Para mellorar esta situación a Xunta de Galicia levou a cabo diferentes medidas, como manter a oferta do 100% de prazas MIR de pediatría, apostando pola formación dos sanitarios e cunha visión e planificación a longo prazo que pensa nas necesidades futuras do sistema.

Do mesmo xeito, e sendo consciente da dificultade de cobertura que algunhas prazas de pediatría de atención primaria poden ter, aprobamos neste Parlamento unha lei que habilitou á Consellería de Sanidade a convocar prazas por concurso de méritos para determinadas especialidades, entre a que destacan a medicina de familia e a pediatría de atención primaria. En virtude desta norma, e vendo o éxito da primeira convocatoria de 106 prazas de médico de familia, o pasado mes de maio, a Xunta de Galicia convocou 60 prazas de pediatra de atención primaria mediante esta modalidade.

Para continuar por este camiño téñense que estudar diferentes fórmulas sempre en constante colaboración coas sociedades de pediatría, para tentar facer máis atractivas as devanditas prazas.

Estas sociedades teñen apuntado a que un xeito de dar maior atractivo ás prazas de atención primaria podería ser facilitar a estes profesionais compaxinar a presenza no seu centro de saúde con determinadas actividades hospitalarias, como consultas especializadas ou gardas de urxencias.

Este enfoque estivo dipoñible este verán polo Servizo Galego de Saúde á hora de ofertar contratos ao persoal facultativo residente que remataba a súa formación, incluíndo unha cláusula específica que permitía fixar un máximo dun 40% da xornada noutro centro hospitalario ou de atención primaria da mesma área.





O Grupo Parlamentario Popular ve esta medida, que se adoptou de xeito extraordinario e cunha vixencia limitada, como un modelo a estender e consolidar para facilitar a cobertura de prazas nos centros de atención primaria ou nos hospitais comarcais por parte de profesionais que teñen tamén inqueda por participar en determinados tipos de actividade clínica que se localizan nos centros máis grandes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a consolidar as medidas de flexibilización das condicións de contratación no ámbito da asistencia pediátrica para permitir a prestación de parte do servizo en centros distintos ao fixado como principal, facilitando compaxinar a actividade diaria en atención primaria ou nun hospital comarcal co desempeño doutras actividades clínicas no hospital xeral da súa área sanitaria”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 13:00:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 13:00:50

María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 13:01:05

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 13:01:19

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 13:01:34

López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 13:01:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2023 13:11:09
Nº Rexistro: 59199
Data envío: 08/09/2023 13:11:09.126

Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 13:01:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iaDCfOqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Encarna Amigo Díaz, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

A humanización na sanidade é de suma importancia xa que busca poñer o centro de atención nas persoas que están a recibir os coidados médicos. Trátase de brindar un trato cálido, respectuoso e empático ós pacientes, recoñecendo a súa dignidade e valor como seres humanos.

Crear un ambiente de confianza e confort para o paciente contribúe a unha mellor comunicación entre o profesional sanitario e o paciente. Esta situación á súa vez pode mellorar o diagnóstico e o tratamento, axudando a reducir o estrés e a ansiedade que poden experimentar os pacientes durante a súa estancia no hospital ou en consultas médicas.

Por outra banda, a humanización na sanidade tamén implica coidar e apoiar aos familiares dos pacientes. Comprender as súas preocupacións e necesidades, e proporcionarlles información clara e comprensible, pode axudar a aliviar a súa angustia emocional e promover a colaboración entre o equipo médico e a familia.





A Xunta de Galicia leva anos pondo en marcha diferentes liñas de actuación de cara a mellorar a accesibilidade, o trato e a calidade asistencial no servizo galego de saúde, é dicir, implementando políticas de humanización na organización.

Exemplo desta política foi a publicación da Estratexia de Humanización da Asistencia Sanitaria do Sergas, un documento que recolle unha serie de accións dirixidas a fomentar a boa relación entre as persoas, a mellora das instalacións con espazos máis amables, a racionalización dos trámites administrativos, a posta en marcha de actuacións en áreas especialmente sensibles, a obtención dunha contorna de traballo satisfactorio e a mellora da relación coas persoas usuarias.

Este documento incluía, entre outras medidas, varios avances na humanización da atención ao parto como a xeneralización dos plans de parto ou o acompañamento psicolóxico e emocional na detección de patoloxía fetal ou na atención á morte perinatal, cunha guía de atención para este último proceso publicada no ano 2020.

Pero sempre quedan avances pendentes e cousas por facer e, neste sentido, este grupo parlamentario fomos testemuño de como nos últimos meses diferentes áreas sanitarias foron implantando distintos protocolos na atención ó nacemento por cesárea. Estes protocolos, elaborados polos servizos de Obstetricia e Xinecoloxía, Pediatría e Anestesioloxía e coa participación de facultativos e matronas, buscan estandarizar e normalizar a cesárea con acompañante nos quirófanos e o contacto pel con pel do recién nado, facilitando a satisfacción das pacientes e das familias.

Posto que os avances neste eido concreto aínda son dispersos e existe unha demanda social crecente por elevar de xeito global os estándares de humanización a este tipo de partos en Galicia, cremos que a Consellería de Sanidade debe implicarse en garantir unha homoxeneidade neste eido.





Por todo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar unha guía que homoxeneice en todas as áreas sanitarias o protocolo de atención aos nacementos por cesárea para permitir o acompañamento no parto da persoa que a nai decida e para posibilitar o contacto pel con pel continuado co recém nado”.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 13:05:24

María Encarnación Amigo Díaz na data 08/09/2023 13:05:43

María Corina Porro Martínez na data 08/09/2023 13:06:02

Noelia Pérez López na data 08/09/2023 13:06:17

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 08/09/2023 13:06:32

López Sánchez, Rosalía na data 08/09/2023 13:06:48

Raquel Arias Rodríguez na data 08/09/2023 13:07:02



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado-portavoz e das súas deputadas **Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A educación é o principal motor de cambio dunha sociedade. Investir en educación é equivalente a investir nas persoas. Non hai desenvolvemento económico, social ou persoal que non pase por unha firme aposta por un sistema educativo de calidade.

A grave crise demográfica, que afecta fundamentalmente ao mundo rural, ten o seu reflexo en varios feitos:

- No ano 1998 había en Galicia 22.276 nenas e nenos de 6 anos que é idade na que se inicia a escolarización obrigatoria en educación.
- As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 14.486 o número de nenas e nenos de 6 anos no ano 2031 (dentro de oito anos).
- Do mesmo xeito, no ano 1998 había en Galicia 28.899 alumnos e alumnas de 12 anos, que é a idade de inicio da educación secundaria obrigatoria, e no ano 2020 esa cifra descendeu ata os 23.176, unha redución do 19,80%.
- As proxeccións realizadas polo IGE sitúan en 17.930 o número de alumnos a alumnas de 16 anos no ano 2031 (dentro de oito anos).



A perda de alumnos/as e a conseguinte redución de unidades nos centros, como consecuencia desa grave crise demográfica que atravesamos Galicia, incluso o peche dalgún centro, dá lugar a situacións graves que deberan ser corrixiadas á maior brevidade, posto que se trata dun asunto de País. Cabe centrarse, polo menos, nas seguintes evidencias:

- A redución de oferta educativa nos concellos afonda, aínda máis, no progresivo desmantelamento de servizos públicos, como xa ten denunciado en repetidas ocasións este Grupo Parlamentario.
- A aplicación de idénticos criterios en canto á posibilidade de oferta de determinadas materias na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato a centros cun número diferente de unidades e polo tanto de profesores e profesoras, supón unha diferenza de oportunidades incompatible coa necesaria igualdade, discriminando negativamente ao alumnado de centros de menor tamaño.

As anteriores afirmacións poñen o foco sobre un problema que a Comunidade Autónoma de Galicia non ten abordado nin dende o ámbito político nin moito menos dende a acción governamental na última década, negando toda posibilidade de facer unha planificación seria, obxectiva, que conte co necesario consenso, que forneza a oferta pública, con particular intensidade no mundo rural, que dote de estabilidade ao sistema educativo da nosa Comunidade Autónoma e que, en definitiva, se faga con perspectiva de País; unha política na que se fundamenten as decisións que se deban tomar e que, á súa vez, impida actuacións unilaterais do goberno contrarias a un interese común acordado co máis amplo consenso posible.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación inclúe un artigo específico, o 82, relativo á igualdade de oportunidades no ámbito rural, establecendo con claridade que as administracións educativas terán en conta o carácter específico da escola rural proporcionándolle os medios e sistemas



organizativos necesarios para atender ás súas necesidades particulares e **garantir a igualdade de oportunidades**, que impulsarán o incremento da escolarización do alumnado de zona rural nos ensinos non obrigatorios, procurando unha oferta diversificada destes ensinos, relacionada coas necesidades da contorna, adoptando as oportunas medidas para que dita oferta proporcione unha formación de calidade, especialmente con programas de formación profesional vinculados ás actividades e recursos da contorna, que para garantir a igualdade de oportunidades no ámbito rural, realizárase un axuste razoable dos criterios para a organización da optatividade do alumnado de educación secundaria nos centros que polo seu tamaño puidesen vela restrinxida, que facilitarán a dotación dos centros do ámbito rural con recursos humanos suficientes e fomentarán a formación específica do profesorado das zonas rurais, favorecendo a súa vinculación e identificación cos proxectos educativos do centro e que dotarán á escola rural de materiais de aprendizaxe e de recursos educativos na internet.

No caso do CEIP Otero Pedrayo de Rábade, o goberno galego ven de anunciar a redución dunha unidade, logo de agrupar os alumnos de 4º e 5º curso, que contan cada un deles con oito alumnos, ao que se engade a existencia dun alumno que precisa dun auxiliar técnico educativo (coidador/a).

Esta decisión prodúcese a moi escasos días do inicio de curso, de xeito arbitrario, unilateral, imposto sen ningún tipo de diálogo, e coa única finalidade de reducir o gasto en profesorado sen importar as consecuencias sobre o alumnado desa redución.

En definitiva, una decisión que contradí as declaracións autocompracentes dos responsables do goberno galego que, situados nun imaxinario perfecto, non chegan a ver as verdadeiras eivas que ten o noso ensino público das que son os únicos responsables.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a manter en funcionamento de xeito separado os niveis de 4º e 5º de Educación Primaria no CEIP Otero Pedrayo de Rábade.

Santiago de Compostela, 8 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/09/2023 13:38:42

Patricia Otero Rodríguez na data 08/09/2023 13:38:55

Noelia Otero Lago na data 08/09/2023 13:39:07

Noa Susana Díaz Varela na data 08/09/2023 13:39:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada e dos deputados **Carmen Aira Díaz, Xosé Luis Rivas Cruz e Diego Lourenzo Moura**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno da Xunta convocou as axudas para o ano 2023 para a creación de empresas para as persoas mozas agricultoras por medio da Orde do 29 de decembro do 2022, financiadas con fondos EURI, os fondos de recuperación da Unión europea e tamén para o desenvolvemento das pequenas explotacións financiadas con fondos FEADER a cargo do PDR de Galiza 2014-2020. No artigo 22 desta orde estipúlase o prazo máximo de entrega das licenzas ata o día 30 de setembro.

Debido á entrada en vigor do novo período da PAC o persoal técnico que traballa no sector agrario viu incrementadas as súas cargas de traballo dun xeito exponencial polo outras cuestións non puideron ser atendidas por eles e igualdade de condicións que outros anos, referímonos precisamente a convocatoria para as novas incorporación e plans de mellora.

Nin sequera se trataría de contar cos medios económicos para incrementar as plantillas contratando novo persoal, porque a elevada cualificación por específica é difícil de encontrar, e son os mesmos técnicos os que atenden as solicitudes do primeiro pilar da PAC e as do segundo, polo que en épocas de cambios como estas é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comprensible que a saturación impida atender tódolos fronts coa mesma eficiencia que cando un período da PAC se encontra xa coñecido e estabilizado.

A priorización convértese no único modo de dar atención ás necesidades das persoas solicitantes e isto levou a que a maioría dos técnicos tiveran que aprazar a elaboración dos proxectos.

Tamén as administración que tramitan Autorizacións Sectoriais están saturadas e que o período estival é un lexítimo período para as vacacións do persoal provoca a imposibilidade de contar coas licencias de obras para o 30 de setembro.

Este problema redunda directamente no proceso de modernización das explotacións e na incorporación de mozos e mozas, pois ambos casos soen ir acompañados de unha obra que necesita licencia, e precisamente o que precisamos no país é incorporación de mocidade aos labores agrogandeiros e a mellora das granxas existentes.

Así pois é imprescindible que a administración estea á altura das necesidades de incorporación e modernización do agro galego e prolongue o prazo para a presentación das licencias de obras municipais polo menos un mes máis, para non perder os recursos económicos europeos dos que dispoñemos.

Por todo isto, e porque sabemos que a asociación de asesores/as rurais de Galiza se dirixiu a vostedes co fin de resolver a problemática relatada do mellor xeito posible para as nosas e nosos agricultores actuais e futuro propoñemos que se atenda esta petición





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento Galego insta ao Goberno da Xunta de Galiza a ampliar o prazo para a presentación das licencias municipais de obras para as novas incorporacións e plans de mellora polo menos un mes, ata o 30 de Outubro.”

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Xosé Luis Rivas Cruz

Diego Lourenzo Moura

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 08/09/2023 11:39:57

Diego Lourenzo Moura na data 08/09/2023 11:40:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/09/2023 11:40:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/09/2023 13:51:46



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Carmen María Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Luis Ferro Iglesias, María Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e María Belén Salido Maroño** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**

Exposición de Motivos

A estrada Nacional 642 (San Cibrao-Ribadeo) pese ao seu curto trazado -apenas 50km- é unha infraestrutura estratéxica e clave para a mobilidade da zona norte da provincia de Lugo e para a comunicación dos concellos da Mariña lucense.

Ben o vimos o pasado mes de xaneiro cando, como consecuencia dun socavón, permaneceu pechada ao tráfico, o que obrigou a centos de usuarios e veciños a un desvío de 68 quilómetros e a máis dunha hora de percorrido.

A Mariña lucense non conta cunha alternativa de circulación viable, que non sexa o paso pola N-642, xa que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana segue sen impulsar a autovía paralela -a A-74- que a día de hoxe non ten un só quilómetro construído, nin en execución, nin licitado e está practicamente desaparecida dos Orzamentos Xerais do Estado.

Todo iso demostra a urxencia por finalizar a obra de emerxencia que o Ministerio de Transportes acomete no lugar no que se tivo lugar o socavón, á altura da praia da Areoura, no treito comprendido entre as localidades de Burela e Cangas de Foz. Máis en concreto entre os puntos quilométricos 41 e 44.

Con todo, os traballos nese punto non evolucionan ao ritmo esperado, e a lentitude da obra fixo que se incumpriran os sucesivos prazos que veu ofrecendo o Ministerio sobre a finalización dos traballos e a recuperación da normalidade nesa estrada, isto é, que poida darse a circulación completa, en todos os carrís, libre de obstáculos e das limitacións propias das obras.

A falta de avance nos traballos de restauración da vía é máis que patente para os que circulan nesa zona, unha circunstancia que foi aínda máis evidente durante o verán e, en especial, nas últimas semanas. Cidadanía e empresas non deixan de reclamar axilidade nas obras, petición fronte á que o Ministerio fai oídos xordos.





É innegable que a magnitude dos traballos pendentes segue a ser moi relevante. O propio Ministerio recoñece que quedan por construír novos pozos de rexistro, reparar os colectores de drenaxe, reconstruír os terrapléns, tapar a escavación realizada e repoñer o treito de circulación, actuacións que aínda levaran meses e que superarán con moito o último prazo fixado para a conclusións das obras neste mes de setembro.

Se o socavón inicial sacou a relucir os deficientes labores de mantemento e conservación que está a facer o Ministerio nas estradas da súa competencia, a situación actual tamén demostra que esta desatención é perfectamente extensible ao ritmo de execución das obras de reparación.

Na orixe destes problemas pode estar o feito de que hai anos o Ministerio fixo desaparecer unha programación específica de reforzos de firme, a pesar da evidente necesidade de actuación que hai no conxunto das estradas nacionais de titularidade estatal.

A provincia de Lugo é unha das grandes prexudicadas polo desinterese e pola falta de compromiso do actual Goberno de España e tamén pola falta de investimento, tanto no que atinxe ao seu mantemento (a N-642 a N-120, ou a N-540 e o estado do firme das principais autovías son claros exemplos) como á hora de executar novas infraestruturas ou reparacións.

Polo o exposto, os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que axilice a obra de reparación da estrada N-642, vía vertebral para a comunicación dos concellos do litoral da Mariña lucense, de tal xeito que se finalicen con carácter de urxencia os traballos pendentes no treito afectado polo socavón (p.q 42.3) e se garanta a recuperación da circulación no conxunto desta estrada en condicións de normalidade, vialidade e seguridade”

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 08/09/2023 14:42:22

José Manuel Balseiro Orol na data 08/09/2023 14:42:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 59215
Data envío: 08/09/2023 14:45:15.861

Carmen María Pomar Tojo na data 08/09/2023 14:43:14

Ramón Carballo Páez na data 08/09/2023 14:43:26

José Luis Ferro Iglesias na data 08/09/2023 14:43:39

Freire Vázquez, María Begoña na data 08/09/2023 14:43:53

Rubén Lorenzo Gómez na data 08/09/2023 14:44:04

María Belén Salido Maroño na data 08/09/2023 14:44:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-iaDCfOqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo** e **Gonzalo Caballero Miguez**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Axencia Estatal de Administración Tributaria acaba de publicar a estatística dos declarantes do Imposto sobre o Patrimonio baseada nas declaracións do dito imposto correspondente ao exercicio fiscal 2021, imposto regulado pola Lei 19/1991 que establece como obxectivo a busca da eficacia na utilización dos grandes patrimonios contribuindo á redistribución da riqueza de xeito complementario ao IRPF.

O Imposto sobre o Patrimonio grava o patrimonio neto das persoas físicas a 31 de decembro de cada ano, conformando o patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico dos que sexa titular o suxeito pasivo minorado polas cargas e gravames que diminúan o seu valor e das débedas e obrigas persoais das que deba responder.

Están obrigados a presentar declaración por este imposto, por obriga persoal ou por obriga real, aqueles suxeitos pasivos cuxa cota tributaria, determinada de acordo coas normas reguladoras do imposto e unha vez aplicadas as deducións ou bonificacións que procederen, resulte a ingresar, ou cando, non dándose esta circunstancia, o valor dos seus bens ou dereitos, determinado de acordo coas normas reguladoras do imposto, resulte superior a 2 millóns de euros.



O mínimo exento establecido na nosa comunidade é de 700.000 euros e aplicarase no caso de suxeitos pasivos non residentes que tributen por obriga persoal de contribuír e aos suxeitos pasivos sometidos a obriga real de contribuír.

Á vista da dita estatística vemos como en Galicia en 2021 sumabamos 317 ricos máis que no ano anterior e o seu patrimonio dispárase en 7600 millóns.

Nos dous últimos exercicios a Comunidade Autónoma de Galicia, a través das leis de medidas fiscais e administrativas que se aproban conxuntamente cos orzamentos correspondentes, aprobáronse unha serie de bonificacións na cota íntegra deste imposto que en 2022 foi do 25 % e acadando o 50 % no ano 2023.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que:

1. Se establezan obxectivos e indicadores de cumprimento para cada un dos incentivos fiscais aplicados, así como e a elaboración sistemática de estudos sobre os efectos dos beneficios fiscais nas políticas económicas e sociais ás que van destinadas dende o ano 2016, nos que se explicate:

- As políticas de gasto ás que afectan, con contexto dos estudos realizados para delimitar os obxectivos que se querían alcanzar coa súa introdución, así como os que xustifican que se trata da opción máis eficiente.
- A análise do grao de cumprimento dos obxectivos económicos e sociais que xustifican a súa introdución.
- O impacto sobre a cidadanía e sobre os territorios incluídos no seu ámbito de aplicación, identificando a tipoloxía do contribuínte beneficiario



da redución de impostos.

- O exame das actuacións dos órganos competentes respecto da comprobación do cumprimento dos requisitos para acollerse aos beneficios fiscais e nos supostos dos seus incumprimentos.

2. Presente o documento anterior no Parlamento galego, co fin de que os grupos parlamentarios que o integran poidan levar a cabo o estudo e debate correspondente.

3. Convoque inmediatamente unha mesa de traballo, na que estean presentes todos os representantes económicos e sociais, así como os grupos parlamentarios para acordar unha política fiscal que garanta unha redistribución da riqueza no noso país, de cara á formulación dos orzamentos da Xunta de Galicia para 2024.

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2023 10:27:30

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/09/2023 10:27:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/09/2023 10:27:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Marina Ortega Otero e Gonzalo Caballero Miguez**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia anunciou en abril de 2020 a implantación da gratuidade das escolas infantís para os segundos fillos e sucesivos e en outubro de 2021, no debate sobre o Estado da Autonomía, o ex presidente Feijóo anunciou que esta gratuidade se ampliaría a todas as familias a partir do próximo curso 2022-2023, que cifraba nunhas 30.000 familias, e que a Xunta de Galicia destinaría 30 millóns de euros en pagar esta gratuidade nas escolas da súa titularidade, nas municipais e nas concertadas, recollida na Orde publicada pola Consellería de Política Social e Xuventude no Diario Oficial de Galicia do 22 de xuño de 2022.

Na exposición de motivos da dita Orde a propia Xunta de Galicia sinala que o Estatuto de autonomía de Galicia no seu artigo 27.23 asigna á Comunidade Autónoma de Galicia competencia exclusiva en materia de asistencia social; tamén fai referencia á Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, que no seu artigo 3 establece os obxectivos do Sistema galego de servizos sociais, incluíndo o de proporcionar oportunidades e recursos que garantan a igualdade entre mulleres e homes e posibiliten a conciliación entre a vida persoal, familiar e laboral, así como o de garantir o apoio ás familias como marco de referencia no que se desenvolven as persoas; e apunta tamén, na exposición de motivos, que a atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de



actuación da Xunta de Galicia, artellada a través do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa integral cuxo obxectivo principal é aumentar o benestar das familias galegas mediante diferentes actuacións que se estruturan en tres eixos principais: axudas, servizos e recursos de conciliación.

É dicir, o goberno galego recoñece que é a Comunidades Autónoma de Galicia quen ten a competencia e é quen ten que poñer en funcionamento as medidas así como achegar os recursos necesarios para poder poñelas en funcionamento. Porén, unha cousa é o que manifesta o goberno galego e outra o que asume, posto que esta medida ten disparado a demanda deste servizo esencial como recurso educativo e como axuda ás familias na súa conciliación, poñendo de manifesto varias cuestións:

- Que as prazas ofertadas non son suficientes para poder garantir o acceso a demanda real existente.
- Que están sendo os concellos os que están a financiar en maior medida o custe da prestación deste servizo, sen que a Xunta de Galicia achegue os recursos necesarios e suficientes para cubrilos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir a totalidade dos custos da prestación por parte dos concellos das competencias propias da Comunidade Autónoma, nomeadamente dos centros de educación infantil de 0-3 anos a partir de 2024.
2. Elaborar un plan de ampliación da rede de escolas infantís públicas de 0 a 3 anos.

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2023 11:03:25
Nº Rexistro: 59226
Data envío: 11/09/2023 11:03:25.453

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/09/2023 10:57:43

Marina Ortega Otero na data 11/09/2023 10:57:57

Gonzalo Caballero Míguez na data 11/09/2023 10:58:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/09/2023 10:58:19

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216051

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á tramitación da central hidroeléctrica reversible Castrelo de Miño nos concellos de Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle promovida pola empresa San Isidro Solar 3 SL e ás actuacións que debe levar a cabo esta institución para protexer os intereses medioambientais, sociais e económicos dos galegos e galegas.

Exposición de motivos

Galiza é un país especializado na produción eléctrica. Cómpre recordar que esta especialización foi deseñada e imposta de maneira absolutamente unilateral por parte do Estado e, de feito, das 45 grandes centrais hidráulicas existentes hoxe, 32 foron impostas durante o franquismo, sen ningún tipo de proceso participativo ou democrático. Desta época é, precisamente, o encoro de Castrelo de Miño, cualificado no seu día por Otero Pedrayo como “feudalismo hidroeléctrico”. Sen avaliar o seu impacto medioambiental, sen ter en conta o impacto económico ou social nin a opinión da veciñanza, anegáronse moreas de terras para xerar electricidade e esta xeración está hoxe en día na súa totalidade en mans privadas, a construción está sobradamente amortizada e non hai un retorno económico directo que compense o impacto social, económico e ambiental.

Nestes momentos atópase en tramitación no Ministerio para a transición ecolóxica e o reto demográfico (MITECO) o proxecto de central hidroeléctrica reversible Castrelo de Miño, de 260 MW de potencia de bombeo e 205MW de potencia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de turbinación, a súa subestación de transformación, e a súa liñas de evacuación, promovida pola empresa San Isidro Solar 3 SL e que afecta fundamentalmente e de forma directa os concellos de Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle e, por extensión, á comarca do Ribeiro. Dito proxecto atópase en fase de consultas previas, como paso previo á emisión do Documento de Alcance do Estudo de Impacto Ambiental.

Este proxecto, argumentado na necesidade de aumentar a produción renovable e as alternativas de almacenamento enerxético nun contexto de crise climática, non pode verse de forma illada nin sen ter en conta que precisamente a crise climática obriga a repensar o uso dos recursos enerxéticos e a protección da biodiversidade. É necesario continuar avanzando na descarbonización, mais é necesario pensar un novo modelo enerxético galego que teña en conta as nosas necesidades e non só o noso potencial xerador. Debemos lembrar, tamén, que renovable non é inocuo, senón que tamén ten impacto. Neste momento, xunto este proxecto están en previsión moitos outros, que suporían pasar dos case 4.000MW instalados a case 7.000MW cun impacto só comparable ao que supuxo a instalación da hidráulica que xa temos, e que non se está a avaliar de forma conxunta e acumulada, da mesma maneira que está a pasar co boom eólico depredador.

Collendo os datos definitivos máis recentes de Red Eléctrica de España, referidos a 2022, Galiza exportou o 40,5% da electricidade xerada. Ademais, do total producido, o 64,8% foi renovable. Isto colócanos como a terceira comunidade do Estado que máis renovable xerou. O ano anterior fomos a segunda, mais hai que ter en conta que 2022 foi un ano protagonizado pola seca e iso fixo que a produción hidráulica baixase. Con todo, seguimos liderando en renovables. Canto á potencia de xeración, o 70,6% é renovable, isto colócanos como a quinta comunidade con maior cota de tecnoloxías limpas e xa cumprimos os obxectivos europeos para 2030.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Temos moito por avanzar mais a conclusión é clara: Galiza contribúe xa decisivamente á loita contra o cambio climático e a un modelo enerxético cada vez máis renovable. Polo tanto, temos marxe e dereito a facer unha planificación adecuada sen que nos impoñan outra vez, como no século XX, un modelo alleo ás nosas necesidades e un papel de colonia enerxética no que nós temos os impactos e non os beneficios. Así mesmo, hai que ter en conta que nun contexto coma este, onde cada vez os episodios de seca son máis frecuentes, é necesario facer unha adecuada protección da biodiversidade en xeral e dos recursos hídricos en particular, polo que as cautelas deben ser máximas.

As decisións de hoxe constrúen a Galiza do futuro polo que é o momento de reorientar as políticas públicas a favor dunha visión integral que contemple todas as fontes de enerxía renovable e equilibre os aspectos económicos, ambientais e sociais. É o momento de facer que haxa unha transición verdadeiramente xusta, democrática e descentralizada na que Galiza poida ter máximo beneficio. Para iso, habería que corrixir a anomalía democrática que supón que unha gran parte dos nosos ríos, como os da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, dependan de Madrid, igual que os grandes proxectos enerxéticos, furtando a nosa capacidade de decisión. Así mesmo, sería necesario facer unha planificación global, onde se teñan en conta as nosas necesidades e todas as tecnoloxías e garantir compensación polo impacto da produción cunha tarifa eléctrica galega que nos axude ao desenvolvemento económico e social.

As comarcas de Ourense teñen o 50% da gran hidráulica de Galiza no seu territorio e, porén, somos o territorio máis empobrecido do país, coa maior perda de poboación activa e de mocidade, cunha crise demográfica de grande intensidade, cun grande abandono do sector primario, enormes deficiencias nas comunicacións, unha gran crise nos servizos públicos e lideramos todas as estatísticas negativas no económico. Mentres, as grandes eléctricas obteñen millóns de euros dos que apenas queda nada no territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos, non podemos permitir que a avalancha de macroproxectos hidráulicos, eólicos ou fotovoltaicos poñan en risco a nosa biodiversidade pola falta de garantías e de planificación. As condicións climáticas desta parte do país, ademais, fan que debamos prestar atención á protección dos recursos hídricos, mais tamén para evitar que ameacen espazos vitais para a recuperación da fauna e da flora, para evitar a perda de terreo produtivo, perdas patrimoniais, etc. O proxecto sinalado tería, en calquera das súas alternativas de construción, un enorme impacto na mobilización de terras e no seu soterramento, e malia que o informe inicial é xenérico e falto de concreción e cobre unha área de influencia de só dous quilómetros, xa avanza a afectación a especies vulnerables, a hábitats de interese comunitario, a necesidade de construír novas vías, a afectación a recursos hídricos superficiais e subterráneos, o risco de erosión, etcétera.

Polo tanto, por responsabilidade colectiva, non se pode permitir o avance de macroproxectos que profunden na sobreexplotación dos nosos recursos naturais e en agravar un modelo enerxético que xa é alleo ás nosas necesidades socioeconómicas e medioambientais e que só van empobrecer aínda máis esa parte do país.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Demandar do goberno central que rexeite a elaboración o documento de determinación do alcance do estudo de impacto ambiental da central hidroeléctrica reversible Castrelo de Miño nos concellos de Castrelo de Miño, A Arnoia e Cartelle promovida pola empresa San Isidro Solar 3 SL para protexer os intereses dos galegos e galegas ante o prexuízo ambiental, económico e social que tería.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Demandar do goberno central un proceso de diálogo para evitar a instalación masiva de macroproxectos produción enerxética no noso territorio sen a debida planificación, ordenación e avaliación ambiental de forma conxunta así como a transferencia plena de competencias en materia enerxética.

3. Impulsar un novo modelo enerxético galego a partir da elaboración dun Mapa de necesidades e ordenación enerxética onde se planifique que tecnoloxías precisamos e as súas posibles localizacións e que se someta esta planificación a unha avaliación ambiental estratéxica para ter as máximas garantías de protección medioambiental.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/09/2023 10:30:35

Daniel Pérez López na data 11/09/2023 10:30:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmela González Iglesias na data 11/09/2023 10:30:50

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2023 10:30:58

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2023 10:31:09



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O modelo termal da cidade de Ourense durante o período 1995-2007, goberno do PP, baseouse na construción de pozas públicas nas zonas con urxencias termais que se atopaban na canle do río Miño, nos contornos da Chavasqueira e posteriormente en Outariz, acompañados doutros dous complexos balnearios nos mesmos emprazamentos executados con financiación autonómica e de carácter privado.

O modelo inicial do PP co paso dos anos levou aparellado a problemática pola crecida anual do río Miño que vén provocando constantes asolagamentos e destrución nas termas públicas e que veñen supoñendo un custe anual en reparacións de aproximadamente 40.000 € dende a súa posta en marcha (que sempre se solicita que sexan sufragados polo Goberno de España en base ao Real decreto 307/2005, do 18 de marzo, que establece o procedemento de concesión de subvencións en situación de emerxencia ou de natureza catastrófica); ademais do peche das pozas públicas durante os períodos de acondicionamento que soe ser de cando menos 1-2 meses ao ano.

No ano 2007, aprobábase por unanimidade no Concello de Ourense o Plan Estratéxico Termal de Ourense (PETOU) e tamén se declaraba As Burgas coma Ben de Interese Cultural (BIC), o que supoñía o impulso claro e parecía



que definitivo de cara á explotación turística e termal da maior fonte de riqueza da nosa cidade.

No ano 2008, o Parlamento de Galicia aprobaba tamén por unanimidade dos grupos políticos do PSdeG-PSOE, BNG e PP a declaración de Ourense coma Capital Termal de Galicia, o que tamén presupoñía un pulo ao coñecemento e á posta en valor dos recursos termais de Ourense e a súa provincia. Coa aprobación desta iniciativa instábase á Xunta de Galicia a que facilitara as inversións públicas e apoiara os programas e proxectos que se incluían no PETOU que se presentaran noutras administracións, en especial os referentes á Unión Europea, e no que se recollían investimentos públicos e privados por un valor superior a 250 millóns de euros. Outro dos apartados recollidos naquela declaración incluía que a Xunta de Galicia debería favorecer a difusión e presenza dos recursos termais naquelas feiras, exposicións e congresos que foran organizados dende a Administración autonómica.

Coa chegada ao goberno do bipartito PSOE-BNG ao Concello de Ourense no ano 2007 e ata 2012 e 2012-2015 gobernando en minoría o Grupo Municipal Socialista ata 2015 desenvolvéronse numerosas actuacións que dotaron de novas infraestruturas á nosa cidade no eido do turismo e o termalismo, nunha aposta clara por un cambio de modelo urbanístico e de cidade, estratéxico e de futuro. Infraestruturas e dotacións tales como:

- ✓ A Piscina Termal das Burgas (2010). Piscina gratuíta ao aire libre e terma romana ou sauna húmida a carón das Burgas de 200 m2 financiada a cargo de subvención do Ministerio de Cultura.
- ✓ O Centro de Interpretación Termal das Burgas (2012). O primeiro proxecto de musealización do patrimonio arqueolóxico termal de Ourense, que incluía unha nova zona verde de 6.000 metros cadrados no corazón do casco histórico da cidade, financiada a cargo da subvención do Ministerio de Cultura.



- ✓ Novos apartamentos turísticos e tenda de produtos autóctonos no casco histórico da cidade. Tamén con cargo á subvención do Ministerio de Cultura, na actualidade están pechados.

A Piscina Termal, o Centro de Interpretación Termal das Burgas, os novos apartamentos turísticos e dotacións adicionais financiáronse con cargo a unha subvención do Ministerio de Cultura por importe total de 2 millóns de euros.

- ✓ O restaurante das Pozas de Maimón (2011). Construído grazas ao Plan E por un importe aproximado de 300.000 €.
- ✓ A remodelación do Campo da Feira (2011). Executada grazas ao Plan E por un importe aproximado de 1,5 millóns de €.
- ✓ A rehabilitación e posta en valor da fonte do Tinteiro. Financiada con cargo aos orzamentos municipais.
- ✓ A rehabilitación integral da praza de Abastos número 1 de Ourense (2015-2023) Situada a carón das Burgas e en marcha inicialmente grazas á subvención do Ministerio de Fomento enmarcada no 1,5 % cultural para actuacións de conservación e enriquecemento do patrimonio español solicitada polo Goberno socialista en 2014. O Ministerio achega 4,2 millóns de euros e o Concello de Ourense o 25 % restante. Todo este importe da subvención foi perdido no anterior mandato de PP e DO e as seguintes fases da obra están paralizadas polo actual Goberno municipal.

O importe total das actuacións xestionadas, financiadas ou cofinanciadas dende o Concello de Ourense no entorno termal no período 2007-2015 (goberno do PSdeG-PSOE e BNG) foi aproximadamente de 10 millóns de euros.



Paralelamente á creación de novas dotacións realizouse a xestión urbanística, clave para o futuro desenvolvemento termal da cidade, a través do impulso do Plan Especial das Burgas e o Plan Especial A Chavasqueira-As Caldas

Dende o ano 2015 ata a actualidade (gobierno do PP en minoría e a posteriori gobierno con Jácome, e agora de Jácome en solitario) produciuse un estancamento do proxecto de desenvolvemento termal e un grave deterioro sobre todo nos últimos anos, xa non só durante a crise sanitaria da COVID-19, senón tamén por dous incendios que levaron por diante tanto o balneario privado da Chavasqueira (24 de abril de 2019) coma o restaurante das Pozas de Maimón (28 de Xullo de 2019). Ambos proxectos seguen pendentes de iniciar as obras de rehabilitación despois de catro anos, o que dana gravemente a imaxe do noso entorno termal.

O rexedor da cidade Gonzalo Jácome, ao que Feijóo e o PP apoiaron para a súa investidura en dúas ocasións, reitera que “o termalismo é un bluff”, polo que non aposta en absoluto por este elemento diferencial para o turismo da cidade, as infraestruturas xa creadas caeron no total abandono durante o seu mandato e tampouco ten previsto levar adiante máis novas neste ámbito.

Nos últimos anos de mandato de Feijóo e Rueda á fronte da Xunta de Galicia a súa única promesa electoral no relativo ao termalismo en Ourense foi a construción do Gran Hotel Balneario, e para o que non consignaron nin sequera unha partida nos últimos orzamentos autonómicos.

En xullo de 2014, Feijóo aprobou no Consello da Xunta o Plan Ourense Provincia Termal, que constaba dunha diagnose e dun Plan Director a executar polo Consello Termal Ourensán nun período de 6 anos que rematou no 2020. O encargado da súa xestión foi a Deputación Provincial de Ourense.



En febreiro de 2020, entrou en vigor a Lei 8/2019, de 23 de decembro, de regulación do aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, unha norma que debía ampliar as posibilidades de aproveitamento dos nosos recursos termais e levar consigo novas inversións e proxectos neste sentido por parte das administracións públicas, e que resultou ser máis ben todo o contrario.

O modelo termal de Ourense estaba finiquitado coa entrada en vigor desta lei, un cambio normativo promovido polo PP de costas á cidade e a súa veciñanza que fulminou a oferta pública termal nos últimos anos.

O desmantelamento termal que vimos sufrindo nos últimos tempos contrasta co pulo turístico de Ourense dende a chegada da Alta Velocidade, e provoca que moitos turistas chegaran á nosa cidade e se atoparan coa maior parte de vasos termais clausurados por mor da adaptación das pozas á nova Lei de aproveitamento lúdico das augas termais da Xunta de Galicia.

Agora máis que nunca en Ourense fai falta un compromiso da Xunta de Galicia, do Goberno de España, do Concello de Ourense e de todos os entes públicos ou privados do ámbito do termalismo.

Estamos nunha situación grave que pode derivar en que a nosa máxima riqueza caia no absoluto abandono e desaparición se non hai un claro respaldo institucional e económico a través de investimentos reais no marco do propio Plan Estratéxico Termal de Ourense dunha vez por todas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Crear un consorcio interinstitucional para o impulso definitivo do termalismo en Ourense.
2. Reformular, dende o consenso parlamentario, a Lei 8/2019 de aproveitamento lúdico das augas termais de Galicia, co fin de que contribúa o desenvolvemento económico e social do termalismo contando ca necesaria implicación dos concellos termais.

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 11/09/2023 11:58:01

María Leticia Gallego Sanromán na data 11/09/2023 11:58:11

Martín Seco García na data 11/09/2023 11:58:20

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/09/2023 11:58:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego da situación e previsións da enerxía hidráulica no noso país.

Exposición de motivos

Galiza ten unha posición de liderado produtor renovable no conxunto do Estado. Collendo os datos definitivos máis recentes de Red Eléctrica de España, referidos a 2022, Galiza exportou o 40,5% da electricidade xerada.

Ademais, do total producido, 14.525GWh foron de orixe renovable, o 64,8% do total do mix. Isto colócanos como a terceira comunidade do Estado que máis renovable xerou. O ano anterior fomos a segunda, mais hai que ter en conta que 2022 foi un ano protagonizado pola seca. Iso fixo que a produción hidráulica baixase nun 46,2% respecto do ano anterior.

É de sinalar tamén que do total producido, 14.525GWh foron de orixe renovable, o 64,8% do total do mix. Neste sentido, hai que engadir que a finais de marzo de 2023 as institucións da Unión Europea (UE) chegaron a un acordo (pendente de referendar polo Parlamento europeo) para que o 42,5% do consumo de enerxía a nivel comunitario chegue a través de fontes de xeración renovábel no ano 2030. Este obxectivo Galiza xa o cumpriría a día de hoxe desde 2020. O 46,2% da enerxía empregada no país no ano 2020 proviña de fontes de xeración renovables. Canto á potencia de xeración, o 70,6% é





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

renovable, isto colócanos como a quinta comunidade con maior cota de tecnoloxías verdes no seu parque de xeración, coa eólica liderando co 35,5% do total.

Nun contexto onde a tendencia mundial é a de aumentar o consumo enerxético, camiñando cara unha economía máis electrificada, queda moito por avanzar e será preciso xerar máis renovable e menos enerxía non renovable, optimizar o consumo, mellorar a eficiencia enerxética e un longo etcétera. Neste camiño, Galiza contribúe xa decisivamente á loita contra o cambio climático e a un modelo enerxético cada vez mais renovable. Porén, a forma en que se realiza esta contribución non é xusta en termos sociais, económicos e medioambientais e obedecen a un modelo colonial e sometido aos intereses das grandes empresas, no que Galiza nunca exerceu o dereito a planificar os seus propios recursos nin obtivo beneficios directos do impacto social, económico e ambiental.

Neste contexto, despois da grande ofensiva macrohidráulica desenvolvida fundamentalmente durante o franquismo, do que datan a maioría de encoros galegos, asistimos a unha nova fase de expansión macrohidráulica. Neste momento no noso país están proxectados oito grandes centrais hidráulicas cunha potencia total de 3.095 MW, que suporían pasar dos case 4.000MW instalados a case 7.000MW.

Este impacto só sería comparable ao que supuxo a instalación da hidráulica que xa temos, e que non se está a avaliar de forma conxunta e acumulada, da mesma maneira que está a pasar co boom eólico depredador, e que non ten en conta cales son as necesidades enerxéticas de Galiza nin a capacidade dos seus recursos nun momento de crise climática onde os hídricos son especialmente sensibles.

Á falta de soberanía de Galiza, que ve como o Estado acapara inxustamente as competencias sobre gran parte das masas de auga e sobre os grandes proxectos enerxéticos, súmase a falta de vontade do goberno galego, que só espreme a súa marxe de actuación para favorecer os intereses privados do gran capital.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estes acontecementos requiren dunha avaliación integral de cales son as necesidades de Galiza en termos enerxéticos en xeral e hidráulicos en particular, de forma que o desenvolvemento industrial se faga acorde aos intereses do noso país, blindando as máximas garantías ambientais e camiñando cara un cambio de modelo global.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego insta á Xunta de Galiza a demandar do goberno do Estado a transferencia sobre a xestión da totalidade dos ríos galegos e da planificación enerxética para así protexer os intereses dos galegos e galegas ante o prexuízo ambiental, económico e social que tería a expansión descontrolada e sen ordenación de macroproxectos hidráulicos sen avaliar o impacto medioambiental acumulado e sen planificar previamente a expansión e ordenación das diferentes tecnoloxías.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Daniel Pérez López

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2023 13:16:32

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2023 13:16:43

Daniel Pérez López na data 11/09/2023 13:16:50

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/09/2023 13:16:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2020 a consellaría de medio ambiente licitou a contratación do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia, cofinanciado nun 80% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do programa operativo FEDER”.

O contrato adxudicouse á USC no mes de outubro de 2020 con un prezo de 70.966 euros e un prazo de execución de 12 meses.

Transcorridos case tres anos desde a adxudicación do contrato, non se fixeron públicas as actuacións que se deberían derivar do seu obxecto. Pola contra, asistimos a un proceso continuado de degradación e destrución de espazos como as turbeiras de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enorme valor ambiental, de grande interese para a biodiversidade e para a prevención do cambio climático.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a

1. Enviar ao parlamento, para o seu coñecemento polos grupos parlamentares, da documentación derivada do contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos de Galicia”.

2. Aprobar no prazo máximo de tres meses un plan para garantir a conservación, protección e restauración dos tipos de hábitat turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos.

3. Protexer baixo a figura da Rede Natura 2000 todos os tipos de hábitat de turbeiras acedas, turbeiras calcáreas e paraturbosos.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**
Alexandra Fernández Gómez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 11/09/2023 16:29:18

Alexandra Fernández Gómez na data 11/09/2023 16:29:23

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2023 16:29:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, deputado e deputada do **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 3ª**, sobre a inmediata elaboración, aprobación e posta en marcha dun Plan Integral de desenvolvemento económico e social en Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Celanova situado no sur da provincia de Ourense padece dende hai anos unha constante diminución da súa poboación, superior ao 6% nos últimos 14 anos, cun constante crecemento demográfico negativo nos pasados 20 anos e na que apenas no último lustro a idade media da poboación medrou en máis dun ano, sendo, actualmente, superior aos 51 anos.

A elocuencia dos datos indicados, xunto coa realidade de que as persoas nadas en Celanova representan 15 puntos menos que hai pouco máis de 25 anos, o que evidencia a redución das expectativas coas que se encontran as habitantes da vila, exige a posta en marcha de un plan de acción destinado a desenvolvemento económico e social de Celanova que permita reverter a dinámica na que a falla de iniciativas das Administracións Públicas, Xunta de Galiza e , a ten subsumida.

O BNG, mais tamén dende a totalidade das organización empresarias, sociais e políticas veñen demandando o necesario remate do proxecto da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

autoestrada AG-31, que conecta a A-52 coa fronteira portuguesa e que permitiría a conectividade da vila e da comarca coa Galiza interior e co norte de Portugal. Igualmente a implantación dun sistema de telecomunicacións do que aínda carece boa parte da poboación de Celanova é unha acción urxente e necesaria para posibilitar o desenvolvemento económico, industrial e social da comarca e da vila.

A vila de Celanova conta cun moi importante e diverso patrimonio histórico artístico, dende o espazo castrexo de Castromao (declarado BIC en 2018), ate capela prerrománica de influencia mozárabe de San Miguel, única en Galiza deste tipo, ate o Mosteiro de San Salvador declarado Monumento Histórico Nacional hai case un século, merecendo boa parte do casco histórico da vila a cualificación de Conxunto Histórico Monumental. É dicir, Celanova é unha vila de grande atractivo e interese turístico.

Asemade a súa privilexiada situación e a súa condición de cabeceira de comarca confire singulares posibilidades ao comercio local e de proximidade que permita o desenvolvemento económico e social da comarca e a dinamización da vida na vila, para o que preciso de mellora a conectividade viaria e a dotación e organización de espazos a tal fin.

Igualmente a inexistencia dun planeamento urbanístico actualizado impide a necesaria dotación de chan industrial no que poder asentarse novas empresas que contribúen a xeración de postos de traballo e actividade económica.

Ante a ausencia dunha acaída planificación dende as Administracións Públicas que invista a inercia de despoboamento e emigración na que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pasividade da Xunta de Galiza e do propio Concello ten abocado á cidadanía da vila de Celanova e comarca, dende o BNG vimos presentar esta proposición non de lei para debate na Comisión 3ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a elaborar, aprobar e poñer en marcha de forma inmediata, un Plan Integral de desenvolvemento económico e social para Celanova, en coordinación co Concello e demais administracións públicas materialmente competentes.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/09/2023 17:19:10

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2023 17:19:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 11/09/2023 17:19:27





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través da súa Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **José Luis Ferro Iglesias, Marisol Díaz Mouteira, Teresa Egerique Mosquera, María Elena Suárez Sarmiento, Carlos Gómez Salgado, María Felisa Rodríguez Carrera e Moisés Rodríguez Pérez** do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para a súa resposta oral en Comisión 4ª Educación e Cultura**.

Exposición de motivos:

O 21 de xuño de 2006, o Congreso dos Deputados aprobou en Comisión por unanimidade dos membros a Proposición Non de Lei relativa aos arquivos monásticos, cuxo texto resolutivo rezaba que “o Congreso dos Deputados insta o goberno a asinar un convenio entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Cultura para que os arquivos das institucións eclesiásticas, pías e asistenciais galegas que pasaron a mans do Estado como consecuencia das excesivas medidas desamortizadoras do século XIX sexan obxecto dunha reprodución, polos medios e nas condicións que se estime oportuno, para a súa incorporación aos arquivos históricos provinciais da súa correspondente demarcación”.

O dito convenio entre a administración autonómica e estatal celebrouse, así como a súa execución parcial, pois malia que se realizaron as reproducións da documentación galega, estas non foron trasladadas a Galicia, tal e como se acordara no Congreso dos Deputados. Xa que logo, é imprescindible que as accións previstas hai máis de 15 anos conclúan, favorecendo a chegada das reproducións á terra de produción dos documentos.

O feito de non as posuír até o de agora supuxo un prexuízo para a investigación galega e para os intereses galegos, posto que non existe un acceso en condicións óptimas a boa parte destas fontes nas condicións actuais, o que suscita unha petición por parte de investigadores e investigadoras galegas para que se culmine o proceso. E é que a documentación, a maiores do propio interese de que sexa accesible para a investigación galega na mellor das condicións, é relevante para o coñecemento da lingua, da literatura, da historia –con subeidos como o poder das mulleres ou a relación dos mosteiros cos seus territorios–, da economía etc.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





É, polo tanto, determinante no contexto investigador actual, co fin de acrecentar as fontes de estudo para o coñecemento principalmente medieval, que Galicia poida contar coas ditas reproducións no menor tempo posible. Isto esixe, pois, un esforzo da administración do Estado, que ha de ser unha das principais interesadas en velar polo desenvolvemento da investigación sobre o pasado de Galicia e en arrequeutar o coñecemento sobre o país.

Polo exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta o Goberno do Estado a remitirle á Xunta de Galicia, no prazo dun ano, as reproducións de toda a documentación eclesiástica, pía e asistencial galega que obra no poder do Estado froito das desamortizacións do século XIX, co obxectivo de poñelas a disposición dos investigadores galegos nas institucións correspondentes”.

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2023

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 29/08/2023 14:32:54

José Luis Ferro Iglesias na data 29/08/2023 14:33:07

María Sol Díaz Mouteira na data 29/08/2023 14:33:26

Teresa Egerique Mosquera na data 29/08/2023 14:33:41

María Elena Suárez Sarmiento na data 29/08/2023 14:33:55

Rodríguez Pérez, Moisés na data 29/08/2023 14:34:10

Gómez Salgado, Carlos na data 29/08/2023 14:34:19





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 58545
Data envío: 29/08/2023 14:35:49.827

María Felisa Rodríguez Carrera na data 29/08/2023 14:34:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-iaDCfOqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

O Instituto Nacional de Estatística (INE) fixo públicas o pasado mes de agosto as cifras de ocupación turística no pasado mes de xullo. Lembrar que ocupación turística é un indicador do sector turístico que se utiliza para medir a porcentaxe de habitacións ocupadas en relación ao total de habitacións dispoñibles.

Cos datos do INE sobre ocupación turística temos que destacar a baixada de turistas na nosa comunidade autónoma, que pasaron de 784.269 en xullo de 2022 a 756.584 neste mes de xullo. Así, a caída neste ano en todo tipo de aloxamentos foi de 27.685 viaxeiros e viaxeiras, isto é 3,5 % menos que no ano 2022.

As maiores caídas de ocupación turística en Galicia concéntranse en hoteis e casas de turismo rural, presentando as mellores cifras os apartamentos turísticos.

Os datos de Galicia contrastan cos de España. A este respecto, o INE certifica un incremento no número de viaxeiros para o conxunto do Estado de 347.759, o que representa unha suba do 2 %. Nesta dirección, o número de persoas que escolleron España para as súas vacacións chegou en xullo de 2023 a 16.864.903, tras ficar o ano pasado en 16.519.144 persoas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un plan no que se teña en conta aos sectores afectados para que:

- O ano que ven non volva acontecer a baixada de ocupación turística en Galicia en pleno mes de xullo.
- Non volva a repetirse a caída de ocupación turística no mes de xullo en hoteis e casas de turismo rural.

Santiago de Compostela, 11 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 11/09/2023 17:29:05

Martín Seco García na data 11/09/2023 17:29:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/09/2023 17:29:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ensino do rural e máis o periférico ás cidades na provincia de Lugo ben sufrindo reiteradas problemáticas derivadas todas dunha visión cuantitativa da administración que non satisfai en absoluto as necesidades do alumnado.

Ano tras ano a falta de cobertura de profesionais que se ausentan por distintas causas pero moitas veces por xubilación causa que os profesionais se reorganicen en arrastren con eles aos alumnos, agrupándoos dun xeito inxustificado e restándolles a posibilidade de manter a calidade do ensino que reciben.

Estes días 16 familias da ANPA do CEIP de Rábade están alzando a súa voz na procura dun ensino da máxima calidade para os seus fillos e fillas de 9 e 10 anos que este ano se ven abocadas a unificarse nunha mesma clase aínda pertencendo a ciclos diferentes, e todo por causa da xubilación dunha profesora que dente a xefatura territorial e a consellería non están dispostas a cubrir. No caso deste colexio é unha incongruencia xa que o alumnado estase incrementando.

Sabe o goberno da Xunta e a poboación que un ensino de calidade é un elemento fixador de poboación, e o contrario facilita que as nais e pais decidan levar ás súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

criaturas fóra da localidade na que viven provocando un desarraigo das rapazas e rapaces facilitador da perda de poboación no futuro inmediato.

Está claro que o rural despoboado e o rural próximo ao urbano requiren unha atención específica para non perder calidade na ensinanza que por definición vai ser de maior calidade pola personalización e relación do profesorado co alumnado.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta a:

-Planificar a ensinanza no CEIP de Rábade segundo as necesidades do alumnado e non en función de evitar a cobertura do persoal xubilado.

-Proceder á cobertura inmediata da profesional xubilada para garantir que o alumnado de 4º e 5º permaneza en aulas independentes.

-Garantir que no futuro neste CEIP se cubran tódalas xubilacións para que se poida garantir a calidade educativa tanto en momentos de incremento do alumnado como de perda do mesmo.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 11/09/2023 17:38:01

Cristina Fernández Davila na data 11/09/2023 17:38:07

María del Carmen Aira Díaz na data 11/09/2023 17:38:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre os convenios da Axencia Galega de Infraestruturas no ano 2023.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo se desprende da resolución do 15 de maio de 2023 (DOG do 26 de maio de 2023) pola que se dá publicidade dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas no primeiro cuadrimestre de 2023, este organismo asinou convenios cos seguintes concellos:

- Co concello de Oza Cesuras para a coordinación do proxecto de mellora da mobilidade peonil na estrada AC 840 (sen achega económica.
- Co concello de Muíños para o acondicionamento da senda da estrada Barxés-Abelleira-Mugueimes, con achega por parte da AGI de 272.838,07 euros
- Co concello do Porriño para a renovación da sinalización de varias vías municipais, con achega da AGI de 107,992, 50 euros
- Co concello de Sanxenxo para a mellora da mobilidade na contorna da nova praza de abastos, con achega da AGI de 1.000.000 de euros





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do anterior dedúcese que existe unha absoluta arbitrariedade nos criterios para asinar convenios con concellos. E que todos os convenios asínanse por norma con concellos gobernados polo PP.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O parlamento insta á Xunta a levar a cabo un reparto transparente dos fondos da Axencia Galega de Infraestruturas para cofinanciar obras en estradas, garantindo a publicidade, a concorrência e a igualdade de trato para todos os concellos potencialmente beneficiarios.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2023 17:45:53

Paulo Ríos Santomé na data 11/09/2023 17:45:57

Alexandra Fernández Gómez na data 11/09/2023 17:46:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres**, **Paulo Ríos Santomé** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o contrato do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 a consellaría de medio ambiente licitou o contrato do “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia, en particular os tipos de hábitat de interese comunitario dos grupos 4 - queirogais e matogueiras da zona temperada e 5 - matogueiras esclerófilas, cofinanciado nun 75% pola Unión Europea a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rexional (FEADER) dentro do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 (PDR)”.

O contrato foi adxudicado á USC en outubro de 2021 por valor de 122.784 euros e un prazo de execución de 21 meses.

Transcorridos case dous anos desde a adxudicación do contrato, non se fixeron públicas as actuacións que se deberían derivar do seu obxecto, mais alá de algúns anuncios sobre a previsión de incluír na Rede Natura 2000 os hábitats de queirogais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

matogueiras. Ao mesmo tempo, observamos con preocupación como se leva a cabo un proceso de deterioro e destrución destes hábitats esenciais para preservar a biodiversidade e para combater o cambio climático.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Enviar ao parlamento, para o seu coñecemento polos grupos parlamentares, da documentación derivada do contrato “Servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os tipos de hábitat de queirogais e matogueiras de Galicia, en particular os tipos de hábitat de interese comunitario dos grupos 4 - queirogais e matogueiras da zona temperada e 5 - matogueiras esclerófilas”.

2. Aprobar no prazo máximo de tres meses un plan para garantir a conservación, protección e restauración dos hábitats de matogueiras e queirogais.

3. Protexer baixo a figura da Rede Natura 2000 os hábitats de matogueiras e queirogais.”

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2023

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/09/2023 18:07:07

Paulo Ríos Santomé na data 11/09/2023 18:07:11

Alexandra Fernández Gómez na data 11/09/2023 18:07:20





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Luis Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

A demanda de billetes no corredor ferroviario entre Galicia e Madrid segue disparada, despois de ser moi intensa durante estes meses de verán. En agosto os 24 trens Alvia que comunican Santiago e Madrid sufriron escaseza de prazas e, relacionado con isto, un incremento no prezo dos billetes, máis altos do habitual.

Nin sequera freou esta demanda as probas do sistema ERTMS que alongan unha hora a viaxe, porque obrigan os pasaxeiros a facer en bus o treito entre Ourense e Santiago. Mesmo así, os Alvia que comunican a capital galega coa capital de España van practicamente completos.

Esta situación pode prolongarse no tempo, especialmente durante o mes de setembro, coincidindo co inicio de curso escolar e universitario, e nos períodos de maior demanda como pontes, festivos ou durante o Nadal e a Semana Santa.

Esta situación demostra que tanto Renfe como Adif, ambas entidades públicas dependentes do Ministerio de Transportes, xestionan con bastante improvisación e falta de dilixencia as súas respectivas obrigas sobre o corredor ferroviario Galicia- Madrid.

Os prexudicados por esta situación son centos e miles de usuarios destas liñas de tren que se atopan como dificultades para conseguir unha praza o que teñen que pagar prezos moito por riba do habitual, debido á falta de reforzos e de planificación dos mesmos.

Galicia segue a ser a gran esquecida polo actual Goberno de España en funcións, especialmente no ámbito das infraestruturas ferroviarias. Aos retrasos inxustificables na chegada dos trens Avril, hai que engadir este mal funcionamento dos servizos ferroviarios internos e aqueles que nos comunican con outras comunidades ou territorios.





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que mellore a planificación da liña ferroviaria Galicia-Madrid, promovendo os reforzos axeitados naqueles períodos de maior demanda, como poden ser o verán, o inicio do curso escolar, pontes e datas festivas, de tal xeito que se garanta un correcto servizo público aos usuarios e a dispoñibilidade de prazas suficientes, frecuencias e traxectos a prezos medios ordinarios”.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 11/09/2023 13:53:30

José Manuel Balseiro Orol na data 11/09/2023 13:53:56

Carmen María Pomar Tojo na data 11/09/2023 13:54:13

Ramón Carballo Páez na data 11/09/2023 13:54:31

José Luis Ferro Iglesias na data 11/09/2023 13:54:46

Freire Vázquez, María Begoña na data 11/09/2023 13:55:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 11/09/2023 13:55:15

María Belén Salido Maroño na data 11/09/2023 13:55:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, deputados e deputada do **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a vulneración da transparencia e dereito á participación na tramitación de procedementos administrativos para a autorización de instalación de parques eólicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de agosto publicouse no DOG – núm. 152- a Resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellaría de Economía, Industria e Innovación pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización e de construción e o proxecto sectorial para a instalación do parque eólico Monte Xesteiro, no concello da Estrada.

O trámite de información pública, preceptivo na tramitación de autorización administrativa previa e construción de parques eólicos, exige que calquera persoa, física ou xurídica, poda examinar o proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e, no seu caso, proxecto sectorial, a fin de que poder presentar cantas alegacións estime conveniente para a defensa dos seus dereitos. Xa que logo o respecto ao trámite de información pública resulta esencial na tramitación dos procedementos administrativos de autorización de construción de parques eólicos, e a súa omisión ou as irregularidades no mesmo enervan o dereito á defensa da cidadanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No caso indicado, e tamén noutros anteriores, a Xunta de Galiza establece que como vía preferente para a consulta da documentación sometida a información pública se utilizará a ligazón á web da Consellaría, podendo recorrer ao exame presencial só cando sexa indispensable.

Porén a consulta telemática do estudo de impacto ambiental precisa de requirimentos técnicos concretos, un programa e sistema operativo determinado o que limita as posibilidades de consulta. O acceso ao programa, só de balde durante un tempo determinado e inferior ao prazo de exposición pública, exige a comunicación a terceiros de datos persoais da interesada.

A limitación, no caso indicado, da liberdade de utilización pola cidadanía de alternativas tecnolóxicas, e ao non recorrer, sen xustificación, a estándares abertos se infrinxen as normas sobre interoperabilidade técnica e, o fundamental e máis grave, se vulneran dereitos fundamentais das persoas, como o dereito de defensa e de participación.

Lonxe de estar ante un caso illado, vemos como non é algo excepcional senón que xa tramitación doutras autorizacións para a instalación e construción de parques eólicos restrinxíuse o dereito de participación e defensa ao someter a información pública en, p.e. lingua non oficial.

E por iso dende o Grupo Parlamentar do BNG presentamos a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a realizar o tramite de información pública en todos os procedementos administrativos que proceda permitindo a consulta da documentación de xeito telemático e presencial, sen que en ningún





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

caso se restrinja o acceso exixindo a utilización de programas ou sistemas operativos concretos e que eventualmente podan requirir un custe para a usuaria.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/09/2023 11:07:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/09/2023 11:07:31

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2023 11:07:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso, Carmela González Iglesias e Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, relativa á valoración por parte do goberno galego do borrador de PNIEC para o período 2023-2030 e ás achegas que realizou ou debe realizar para facer valer a posición de Galiza.

Exposición de motivos

Galiza é unha potencia en produción de enerxía eléctrica. Porén, este papel destacado está historicamente marcado pola falta de capacidade de decisión canto á planificación do desenvolvemento enerxético, así como pola falta de retorno dunha compensación adecuada polo impacto social, económico e medioambiental deste papel. Así, son moitas as cuestións de ámbito enerxético que dependen do Estado e que mesmo están condicionadas por políticas europeas sen que Galiza conte con voz propia para defender os seus intereses. A isto súmase un goberno galego incapaz de adiantarse aos grandes debates de transformación enerxética e de defender o autogoberno do noso país.

Recentemente, entre o 28 de xuño de 2023 e o 4 de setembro de 2023 o MITECO abría o proceso de consulta pública do borrador elaboración do novo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima para o período 2023-2030 (PNIEC), fundamentalmente para adaptarse ao incremento de obxectivos que se marca o ámbito europeo. Este documento é de importancia para Galiza polo que supón respecto da planificación do ámbito enerxético e da transición enerxética e as súas consecuencias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para o noso país, e unha oportunidade para negociar co goberno central a favor deste país e da súa capacidade para ordenar o seu modelo enerxético.

É preciso que a Xunta de Galiza socialice a súa valoración e as achegas que fixo ao respecto.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a constituír, en colaboración co Consello Económico e Social, unha mesa de traballo para a elaboración de propostas arredor do novo Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima para o período 2023-2030 (PNIEC) co obxectivo de que Galiza e as súas características concretas, como o alto potencial renovable, a condición de produtor excedentario neto de enerxía eléctrica ou a afección polo peche de dúas centrais térmicas sexan tidas en conta de forma adecuada nesta e noutras negociacións de ámbito estatal.”

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Carmela González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2023 13:38:35

Carmela González Iglesias na data 12/09/2023 13:38:39

Daniel Pérez López na data 12/09/2023 13:38:46

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/09/2023 13:38:57

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2023 13:39:09



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do curso escolar 2023/2024, “a volta ao cole”, marca este mes de setembro para milleiros de familias galegas. Moitas dificultades económicas para que as familias cheguen a fin de mes á vez que en moitos centros se experimentan recortes e a falla de compromiso do goberno da Xunta coa educación pública. Por unha banda, os gastos que teñen que afrontar neste setembro as familias galegas en libros de texto, en material escolar e outros gastos derivados da volta ao cole fan que a maioría das familias galegas teñan que recorrer a axudas, a préstamos ou a tirar das tarxetas de crédito. Por outra banda, moitos pais e nais ven coma nos centros dos seus fillos e fillas hai recortes nos planteles docentes ou investimentos sen realizar, e moitas Anpa reclaman solucións aos problemas existentes.

No CEIP Bouza Brey de Ponteareas, a Anpa e o profesorado reclaman máis persoal e aumentar as prazas de comedor. Os pais e nais reclaman máis profesorado para dar axeitada atención ao alumnado e especialmente ao de necesidades educativas especiais neste centro. Así mesmo, demandan incrementar de 60 a 90 as prazas de comedor ofertadas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/09/2023 16:59:48
Nº Rexistro: 59540
Data envío: 12/09/2023 16:59:48.663

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a atender con toda celeridade as demandas da Anpa do CEIP Bouza Brey de Pontearreas que reclama máis profesorado para o centro e máis prazas de comedor para o alumnado.

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/09/2023 16:45:11

Noelia Otero Lago na data 12/09/2023 16:45:21

Noa Susana Díaz Varela na data 12/09/2023 16:45:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/09/2023 16:45:41

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216098

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-iaDCfoqWs-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas **Gonzalo Caballero Miguez, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escalada de prezos que rexistra a nosa comunidade está supoñendo evidentes dificultades para as familias galegas, que contan con salarios e pensións das máis baixas do Estado para enfrontar unha inflación que tivo subas en Galicia por riba da media nacional.

Segundo a enquisa de Presupostos Familiares do Instituto Nacional de Estatística, a vivenda, a alimentación e o transporte son os tres gastos fundamentais dos fogares galegos, e cobran especial importancia no caso daquelas familias que teñen fillos ou fillas matriculados en ensinanza universitarias fóra dos seus domicilios.

Sen embargo, as prazas en residencias públicas universitarias de Galicia sitúanse en 1.709, moi lonxe das máis de 50.000 persoas matriculadas no Sistema Universitario Galego (SUG) segundo os datos publicados polo Ministerio de Universidades.

Neste contexto, cómpre que o goberno galego faga un estudo detallado, en colaboración co Consello Económico e Social e do SUG, das necesidades existentes e que avalíe co SUG a posibilidade de aumentar as prazas en residencias universitarias públicas.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar un estudo detallado, en colaboración co Consello Económico Social e co Sistema Universitario Galego, das necesidades de prazas en residencias universitarias públicas galegas no SUG.
- Abordar coas universidades públicas galegas a posibilidade de aumentar as prazas dispoñibles en residencias universitarias públicas.
- Adoptar un plan de apoio para favorecer o acceso asumible ás prazas de residencias e comedores universitarios axeitado ao novo escenario de crecemento de prezos e dificultades das familias.

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 13/09/2023 10:22:44

Noelia Otero Lago na data 13/09/2023 10:22:54

Noa Susana Díaz Varela na data 13/09/2023 10:23:02

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2023 10:23:18



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Patricia Otero Rodríguez e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xa no ano 2014 o director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica comparecía nesta Cámara para dar conta das accións previstas por parte da Consellería en materia de xestión pesqueira. Xa daquela falaba de revisar o Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos e útiles para a extracción de recursos mariños por tratarse dun Decreto “moi rixido” e que era precisa unha ferramenta máis flexible para acadar maiores niveis de sustentabilidade.

No ano 2016 a por aquela entón conselleira do Mar dicía que actualizaría o Decreto de artes de pesca e marisqueo para adaptalo ás necesidades e realidades da evolución do sector. Continuaba explicando que se faría atendendo ao diálogo co sector coa finalidade de obter o benestar social do sector e, ao mesmo tempo, de manter a explotación sostible dos recursos mariños.

Pois ben, todo isto a día de hoxe, non é un realidade, xa que o Decreto de artes de pesca que está en vigor é o do ano 2011.

É preciso actualizar a normativa marítimo-pesqueiro e tamén é preciso, como reclama o propio sector, adoptar a normativa á realidade. É preciso modificar este Decreto para actualizar a norma e adaptala ás evolucións.



Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia, a que no menor prazo de tempo posible, e atendendo ao diálogo co sector, modifique o obsoleto Decreto polo que se regulan as artes, aparellos e útiles para a extracción de recursos mariños.

Santiago de Compostela, 13 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 13/09/2023 10:54:35

Julio Torrado Quintela na data 13/09/2023 10:54:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2023 10:54:55



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Martín Seco García** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois do mes de xullo máis caloroso a nivel global dende que existen rexistros, cunha temperatura promedio de 16,95 grados celsius, os nosos gobernantes deberan de ter como principal preocupación o cambio climático e os efectos que este ten sobre o noso territorio, a nosa economía, a nosa saúde e indiscutiblemente sobre os nosos cultivos e recursos hídricos.

A seca derivada deste cambio climático xa é unha realidade en Galicia, se uns meses atrás adquirir un camión de palla custaba no entorno dos 1.200 euros, a escaseza provocada pola seca sitúa hoxe o prezo nos 2.600 euros. Unha contía que, coa suma dos portes se leva aínda máis e pode chegar a supoñer un desembolso de ata 4.000 euros para boa parte das explotacións galegas.

No pleno do mes de setembro aprobábase por unanimidade unha moción que instaba ao Goberno galego a abordar dun xeito global o problema da seca derivada do cambio climático que afecta ás producións vexetais para consumo humano, implicar ao sistema investigador agrario e á universidade na realización de estudos inmediatos sobre os graos de afectación do territorio galego e dos seus solos, tamén no establecemento de liñas de investigación en relación co ciclo da auga, novas captacións, aproveitamento de augas para rego, e rego sostible e á apertura de liñas de investigación xenética para atopar novas variedades vexetais para consumo humano resilientes á seca e ás



enfermidades que provoca na diminución do uso de fitosanitarios, de acordo coa normativa europea e respectando a biodiversidade e clima e que se transfira o coñecemento agrario entre o sector, as organizacións e as institucións para que o mesmo chegue ao seu fin e sexa utilizado na agricultura e ámbitos relacionados.

O Goberno galego convocou ás organizacións agrarias para falar da seca e nesa reunión atopáronse cos máximos dirixentes da Consellería de Medio Rural que unicamente buscaban unha foto para reivindicar un mellor reparto dos fondos do estado para paliar os efectos da seca, pero atopáronse que as organizacións agrarias tiñan reivindicacións dirixidas a Xunta de Galicia, co fin de que adoptaran medidas nas infraestruturas para o almacenamento da auga, para aumentar a base territorial das explotacións, pediron que se eleve o tope de apoio aos seguros agrarios ata o máximo permitido para estender unha cobertura coa que a día de hoxe segue sen contar un amplo número de profesionais do campo, unha ferramenta moi importante á hora de facer fronte a eventualidades climáticas como as que se deron na zona do Ribeiro e na Ribeira Sacra a consecuencia do pedrazo e as treboadas. Pediron tamén o apoio do goberno autonómico a pólizas colectivas para OPA e organizacións de produtores. Pediron que a Xunta de Galicia habilite circulante a custe 0 e posibilite o anticipo das axudas da PAC a custe 0 para agricultores e gandeiros e tamén que habilitaran axudas directas que palíen a forte suba de custos de produción que a seca está a provocar nas explotacións agrogandeiras.

Nunha segunda reunión do Goberno galego coas organizacións agrarias non houbo avances e as organizacións agrarias acusaron á Consellería de Medio Rural de buscar unha foto e lamentaron que o goberno galego deixe pasar dous meses sen tomar ningunha das medidas abordadas na mesa da seca, como son as axudas aos sectores afectados polo incremento dos custes, cunha Xunta de Galicia que segue a ser unha das poucas comunidades



autónomas que non activou axudas con fondos propios ao sector primario nos duros momentos de crise.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que acompañe as medidas aprobadas no Pleno do 12 de setembro, coas propostas realizadas polas organizacións agrarias na mesa da seca, como son as axudas directas aos sectores afectados, o incremento do apoio aos seguros agrarios e que habiliten anticipos a custe cero das axudas da PAC.

Santiago de Compostela, 13 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 13/09/2023 10:30:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2023 10:30:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2023 10:30:44



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A organización agraria Unións Agrarias advirte da extensión do cancro do castiñeiro pola Galicia atlántica e da necesidade de accións integradas que eviten o agravamento do impacto actual desta doenza.

A través da súa asociación sectorial forestal ASEFOGA a organización insta a Xunta de Galicia a estender a campaña de vacinación impulsada en Lugo e Ourense a unha área na que a produción madeireira está a verse seriamente ameazada por unha enfermidade que podería supor a práctica desaparición das plantacións de castiñeiro da franxa costeira das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra, así como doutras comarcas máis interiores como Santiago, Ordes ou Melide.

Por elo, este grupo parlamentario entende, ao igual que a mencionada organización, que o Goberno galego debe por en marcha un plan que permita aplicar os tratamentos contra o cancro do castiñeiro na totalidade das zonas afectadas.

O cancro do castiñeiro trátase con vacinas hipovirulentas da propia enfermidade, e de feito xa se teñen desenvolvido tratamentos efectivos na Estación Fitopatolóxica do Areeiro.



A franxa atlántica caracterízase por plantacións de castiñeiro máis orientadas á produción de madeira de calidade que á produción de castaña. Razón pola que ASEFOGA reitera o chamamento feito conxuntamente no Consello Forestal de Galicia para que este problema se introduza de xeito inmediato na axenda de prioridades da Consellería do Medio Rural e se proceda ao tratamento destas masas arboradas de tan alto valor forestal e ecolóxico.

O avance do cancro do castiñeiro pola Galicia atlántica sería desastroso para o desenvolvemento do sector forestal galego, pois frearía a posibilidade de aproveitamento da madeira de especies frondosas e os esforzos realizados nese senso nos últimos 40 anos para reintroducir os soutos en zonas onde a enfermidade da tinta xa fixera desaparecer o castiñeiro e o seu aproveitamento.

O castiñeiro é unha das especies máis tradicionais, e á vez máis agroforestalmente interesante, das presentes en Galicia. Permite a súa xestión para a produción de madeira, froito e plantacións mixtas froito-madeira, así como tratamentos en monte alto e baixo.

Ocupa unhas 45.000 hectáreas en Galicia, e ademais do aproveitamento de madeira permite a produción dunhas 20.000 toneladas de castaña ao ano para a súa comercialización, o que supón un importante complemento para moitas economías familiares do interior de Galicia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que poña en marcha un plan que permita aplicar os tratamentos contra o cancro do castiñeiro na totalidade das zonas afectadas, estendendo ás provincias da Coruña e Pontevedra a campaña de vacinación que xa desenvolveu nas zonas de produción de castaña do interior e na montaña das provincias de Lugo e Ourense.

Santiago de Compostela, 12 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/09/2023 12:33:57

Martín Seco García na data 13/09/2023 12:34:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/09/2023 12:34:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Diego Lourenzo Moura** e da deputada **Carmen Aira Díaz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estas alturas a ninguén se lle escapa que o dos prezos do leite é un galimatías de moito ver..

A primeiros de outubro do pasado ano Entrepinares adiantaba o agasallo de Nadal e comezaba a pagar o leite dese mes a 57cts máis calidades cunha novidade máis a destacar, non facía distincións nos volumes de entrega, o prezo era igual para todos.

A suba foi xeneralizada pois as demais industrias digamos, “actualizaron “ os seus prezos, aínda que non chegou a tódalas granxas nin na mesma intensidade nin no mesmo prazo; as pequenas, coma sempre foron discriminadas.

Isto supoñía un respiro para os produtores e produtoras que viran aumenta-los custos de produción dunha maneira desorbitada que auguraba un outono-inverno difícil para a sostibilidade das explotacións e predicía o máis que posible peche de explotacións. Cómpre reparar que cando esta suba no prezo chegou, as granxas galegas xa levaban moitos meses de perdas constantes e custos da alimentación disparatados, perdas arrastradas que non sempre se teñen en consideración cando se fala do suposto bo balance do seguinte ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por suposto que foi o consumidor final quen tomou conta, e de que maneira, deste incremento de arredor de 30cts/litro nos supermercados.

Na primavera deste 2023 xa pairaba no aire o ruxe ruxe de que se aveciñaba unha baixada considerable para os próximos contratos. E así foi. Contratos por dous meses e baixadas de 5 a 6cts.

Importante consignar que no supermercado o prezo dos lácteos mantívose “valentemente”. E por suposto, contratos de dous meses, catro meses...

En xullo as industrias entregan propostas ás granxas con novas caídas que poden chegar ata os 5 cts. Tampouco agora hai base razoable para esta caída.

Chegados a este punto faise necesario lembrar que a duración mínima fixada por lei para os contratos é de 1 ano. Eses contratos que se negocian en igualdade de condicións e non son impostos por unha parte baixo ameaza de reduci-lo prezo acordado a quen se manteña na teima da duración dun ano. Logo dirán que son as gandeiras as que non queren esa duración dun ano.

Unha vez máis a industria e a distribución están dispostas a aumenta-los beneficios a costa de baixa-los prezos ó produtor. A proposta en xeral supoñía unha baixada máis ca significativa e así o denunciaron as organizacións agrarias.

Mentres, os produtos lácteos seguían mantendo os seus prezos de venda ó consumidor.

Non se trataba, pois, dun feito provocado pola caída do consumo que arrastrase á baixada dos prezos finais. As subas de prezo final que houbo non foron penalizadas polo consumidor. O mercado non se retraeu. Trátase, con seguridade, dunha estratexia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

repetida por parte da industria e da distribución que non lles importa extorsiona-lo sector.

É necesario consignar un feito moi grave que se reitera e que é determinante á hora da destrución do tecido produtivo do sector lácteo, dese decrecemento constante no número de granxas deste noso país. Entre as explotacións de menos de 100.000l. e as de máis de 700.000 hai un diferencial de 7 cts, en concreto 7.65 no mes de xullo. Se a desculpa é que non paga a pena o transporte pola pouca cantidade, por que non se paga atendendo á distancia á que se atopan as granxas?

Todo isto enmárcase nos desorbitados prezos dos pensos, medicamentos, abonos, enerxía, combustibles e coa escaseza de palla e herba seca.

Botamos en falta o papel do Observatorio Lácteo, da Conta láctea, da Mesa do Leite, AICA galega? e non sei se me queda alguén máis no peto.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

--Activa-la Mesa do Leite como mecanismo de negociación e intermediación na relación contractual entre industria e produtores e produtoras.

--Facer as presións necesarias para elimina-lo diferencial entre as entregas de menos de 100.000l e as de máis de 700.000, a igual calidade igual prezo.

--Recuperar e reforza-lo Observatorio Lácteo abandonado e incumprindo o acordo inicial de reunión periódica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Publicación periódica de índices de custos de produción reais elaborados de xeito serio e científico por persoal de referencia da administración e do eido universitario público. A participación académica e institucional dota ós resultados de veracidade, imparcialidade e garantía.

--Retoma-la penalización para recibir axudas públicas a aquelas industrias sancionadas ou que amosen signos evidentes de condutas opresivas.

--Potenciar liñas de traballo para reducir os custos de produción, fomento da extensificación e tarifas enerxéticas adaptadas ás granxas.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Diego Lourenzo Moura

Carmen Aira Díaz

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2023 12:33:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/09/2023 12:34:03

Diego Lourenzo Moura na data 13/09/2023 12:34:24

María del Carmen Aira Díaz na data 13/09/2023 12:34:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz** e **Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Non é a primeira ocasión na que este grupo parlamentar presenta unha iniciativa relacionada co transporte escolar no concello de Chantada. Cuestións diversas motivaron e seguen a motivar que as rutas de transporte escolar, neste caso, do colexio público Xoán de Requeixo, non satisfagan as necesidades de transporte de case unha decena de nenas e nenos de diversas parroquias en 2 rutas, a de Merlán-Sabadelle e a de Adá-S. Miguel, que pode que non sexan as únicas.

Na parroquia de Adá, no lugar de Quizán da Vila, a uns 15km de Chantada, vese afectada unha nena e no futuro verase, como mínimo tamén, afectado o seu irmán. Esta rapaciña de coller o bus na parada estipulada tería que ir en pleno inverno camiñando durante 300 ou 500m, e non é a única, non tendo onde refuxiarse xa que a marquesiña que instalou o concello non coincide coa parada do bus.

En Sabadelle, as familias están pedindo que haxa unha parada onde xa estivo establecida durante case 30 anos, dende o 1993 ata o 2020, pero non se lles concede mentres se mantén a parada actual no medio de dúas curvas, nunha situación que non é a óptima para a seguridade das crianzas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na parroquia de Merlán no núcleo de Vilaméa vense afectadas 2 nenas que collían o transporte na parada de Cardavós que resultan claramente prexudicadas pola eliminación desta parada. No propio Merlán situado a 3 km do colexio obrigan a 2 nenas a camiñar 1 km cara atrás.

E por último, en S. Miguel do Monte residen 2 nenos, obrigan a estas criaturas a camiñar tamén 1km para diante ou para atrás, para o que o bus se ve obrigado a desviarse no canto de establecer como parada a que queda a 20 ou 30 m da súa casa, que foi a parada para os e as nenas do lugar dende sempre.

Despois deste relato podemos concluír varias cuestións, o deseño das rutas e paradas do transporte escolar non é dinámico e adaptable ás circunstancias para un mellor servizo ás nosas nenas e nenos, que como moi ben saben no goberno da Xunta, viven nun rural disperso e pouco poboado, que non se está tendo en conta para este deseño.

Tampouco valoran unha reordenación periódica das paradas para cubrir as necesidades que poidan ir xurdindo a medida que as e os escolares vaian acabando os seus ciclos escolares. En realidade, as paradas créanse en función de quen nace antes, ou quizais de algúns outros intereses, que neste momento descoñecemos, pero en ningún caso o criterio que rexe este deseño é darlle satisfacción e servizo ás necesidades de transporte escolar das nosas crianzas, tan escasas, por certo, no rural, como para non atendelas como merecen e teñen dereito.

Por outra banda, a falta de transporte escolar de calidade deixa baleiros de contido outros servizos proporcionados no Colexio, non cubrindo as necesidades do alumnado sen aportarlle nada ao servizo de mobilidade para adultos, refírome a ese modelo de transporte integrado, que conta cun baixísima frecuentación, e que non se resentiría en absoluto se as paradas se adaptaran as necesidades que trasladan as nais e pais, que teñen o único fin de mellorar o servizo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a establecer as rutas de transporte escolar no rural galego en función das necesidades que en cada momento teñan as crianzas que nel viven, para cumprir co dereito que teñen, eles e as súas familias, de que se atendan as necesidades de mobilidade a efectos da súa escolarización.

Para isto o seu deseño debe ser dinámico, periódico e consensuado coas familias, máxime naqueles lugares nos que a frecuentación do transporte integrado por parte da poboación é mínimo.”

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 13/09/2023 13:51:35

Cristina Fernández Davila na data 13/09/2023 13:51:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 13/09/2023 13:51:46



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Como leva denunciando dende hai tempo o Grupo Socialista no concello de Arteixo, o núcleo de Meicende sofre os efectos da existencia de puntos de venta de estupefacientes que afectan á seguridade e convivencia da súa veciñanza.

Os habitantes dos barrios das Eiras e O Petón do dito núcleo están fartos desta situación e denuncian día tras día o que están a vivir as súas familias. Nesa liña o Partido Socialista leva tempo pedindo medidas urxentes para mellorar a configuración urbanística destes barrios, o seu alumeado, o seu mobiliario urbano e a presenza policial, para erradicar a dita delincuencia.

Nos derradeiros tempos, observamos como aparecía un novo lugar onde a veciñanza de Meicende denuncia que se están a levar a cabo actividades ilícitas, esta parcela está situada no entorno do polígono da Artística e ten unha edificación no seu interior, segundo o cartel que ten no seu exterior esta parcela é propiedade da Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia.

Entendemos que a dita edificación foi “ocupada” sen permiso e non sabemos cales foron as actuacións da propia Consellería do Medio Rural e do concello de Arteixo para evitar que nun edificio público se poidan estar producindo estas actividades ilícitas, pero as administracións deberían actuar para poñerlle fin a



esta situación e no caso de que a dita edificación non teña actividade, tapiala ou darlle algún uso.

Achegamos fotos da propiedade que se menciona na iniciativa nun ANEXO.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que investigue a ocupación dunha edificación propiedade da Consellería do Medio Rural no polígono da Artística no deslinde entre os concellos de Arteixo e A Coruña e poña fin á dita ocupación e ás actividades denunciadas pola veciñanza do núcleo de Meicende.

Parlamento de Galicia, 14 de setembro de 2023



ANEXO (Parcela e edificación da que se fala na iniciativa)



Así
na
do
dix
ita
lm
en
te
po
r:

Martín Seco García na data 14/09/2023 10:11:47

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30
216120

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 10:15:53
Nº Rexistro: 59740
Data envío: 14/09/2023 10:15:53.554

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/09/2023 10:12:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 10:12:22

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216121

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **Cristina Sanz Arias, Moisés Rodríguez Pérez, José Antonio Armada Pérez, Moisés Blanco Paradelo, Ana Belén García Vidal, Adrián Pardo López e Borja Vereza Fraiz**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**

Exposición de Motivos

O sector do comercio é unha parte esencial da economía galega que, como sucede a nivel global, abarca unha ampla gama de actividades que facilitan o intercambio de bens e servizos entre produtores e consumidores. Ten, polo tanto, un grande impacto na nosa economía tanto en termos de xeración de emprego como da súa contribución ao Produto Interior Bruto.

Este sector está en constante evolución debido principalmente aos cambios nos hábitos dos consumidores, aos avances tecnolóxicos e ás tendencias emerxentes, que poden incluír a adopción de tecnoloxías como a intelixencia artificial, a análise de datos e a personalización na experiencia do cliente.

A aposta do comercio galego pola transformación dixital e sustentable dos establecementos visibilizouse no éxito da primeira edición da iniciativa que se desenvolve dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, enmarcada no programa do Fondo Tecnolóxico.

A Administración autonómica concedeu apoios por un total de 1,3 millóns de euros, dos que se beneficiaron 75 pemes e 12 asociacións de comerciantes de toda Galicia e no pasado mes de maio activouse unha segunda edición, con apoios por 3,8 millóns de euros.

Por todo o exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a continuar modernizando e transformando un sector tan estratéxico para a nosa comunidade como é o do Comercio, utilizando todos os instrumentos que facilita Europa para apoiar a súa consecución”.





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 10:24:15
Nº Rexistro: 59743
Data envío: 14/09/2023 10:24:15.413

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 14/09/2023 10:16:13

Cristina Sanz Arias na data 14/09/2023 10:16:28

Rodríguez Pérez, Moisés na data 14/09/2023 10:16:54

José Antonio Armada Pérez na data 14/09/2023 10:17:04

Moisés Blanco Paradelo na data 14/09/2023 10:17:50

Ana Belén García Vidal na data 14/09/2023 10:18:04

Pardo López, Adrián na data 14/09/2023 10:18:17

Borja Vereza Fraiz na data 14/09/2023 10:18:34

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o convenio da Xunta coa Fundación Juana de Vega para analizar as fusións municipais e impulsar outras novas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta aprobou no mes de outubro de 2021 a subscripción dun convenio coa Fundación Juana de Vega para analizar as fusións municipais e impulsar outras novas, por un importe de 72.600 euros.

Segundo a información facilitada pola Xunta, o convenio tiña como principal obxectivo abrir un debate sobre a necesidade de actualizar o mapa político administrativo de Galiza, así como avaliar se a actual planta municipal é eficiente, estudar alternativas que melloren a súa eficacia e mitiguen os problemas que xera o despoboamento e formular propostas para incentivar novos procesos de fusión.

O convenio tiña vixencia até o 31 de outubro de 2022.

No mes de abril de 2022, a Xunta deulle difusión ás enquisas do estudo de reforma do mapa municipal galego, elaboradas no marco do citado convenio. Nelas concluíase “unha disposición favorábel da poboación galega a fusión voluntaria de concellos”. O apoio a esta posición estaría segundo as citadas enquisas no 83%.

Con respecto aos obxectivos do convenio, nunca se presentaron publicamente os seus resultados nin se impulsaron novas fusións municipais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a dar a coñecer publicamente e enviar ao parlamento as conclusións e resultados do convenio coa Fundación Juana de Vega para analizar as fusións municipais e impulsar outras novas.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 14/09/2023 11:09:40

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2023 11:09:43

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2023 11:09:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións da Xutna de Galiza para frear a caída de tráfico e descarga de túnidos no porto da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Na Comisión de Pesca do pasado 20 de xuño, este Grupo Parlamentar formulou varias preguntas relacionadas coa descarga de túnidos no porto da Pobra do Caramiñal.

Daquela xa expoñíamos que esta actividade vénse vendo mermada, tal e como recollen os datos de Portos de Galiza nos seus Informes de Xestión dos últimos anos. O director xeral de Pesca recoñeceu que esta situación era provocada por distintos factores e aludiu, entre outros, ao aumento do tráfico de mercadorías en contedores, á incidencia da inflación ou ao desvío das descargas por parte das empresas a outros portos.

Diante da nosa pregunta sobre as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Mar para tratar de reverter o descenso da actividade portuaria na Pobra do Caramiñal, o director xeral non foi quen de concretalas nin tampouco de expoñer cales serían as accións a emprender polo seu departamento de cara ao futuro.

As empresas consignatarias son conscientes do risco que corre a súa viabilidade diante das persistentes cifras de descargas á baixa. A súa preocupación estendese tamén aos arredor de cen estibadores que desempeñan o seu traballo dun xeito estábel no porto da Pobra e a outros sectores directa ou indirectamente relacionados coa actividade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O porto da Pobra do Caramiñal foi durante anos un referente, incluso a nivel europeo, da descarga de tónidos. Hoxe, con eivas evidentes nas súas instalacións, tamén denunciadas por este Grupo Parlamentar en varias ocasións, con falta de atención e investimento para corrixilas por parte de Portos de Galiza e para tratar de adaptalas a tráfico de novas mercadorías, é á Consellería a quen non parece preocuparlle a situación.

Non se explica senón que o Goberno galego non tivera tomado xa medidas e que non tivese explorado, en contacto co sector afectado, posíbeis alternativas.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a

- Establecer contacto coas empresas consignatarias que operan no porto da Pobra do Caramiñal para estudar as consecuencias que xa está a ter a redución da descarga de tónidos e as posíbeis alternativas á mesma.

- Efectuar todas cantas actuacións de mellora, mantemento e limpeza precisen as instalacións portuarias para frear as condicións de deterioro nas que se están a desenvolver as actividades portuarias na actualidade”.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2023 11:37:44

Daniel Castro García na data 14/09/2023 11:37:48

Carmela González Iglesias na data 14/09/2023 11:37:59

Rosana Pérez Fernández na data 14/09/2023 11:38:07



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se algo evidenciou a pandemia da Covid-19 é a importancia de apostar polas novas tecnoloxías. Aumentou o teletraballo, as videoconferencias, as transaccións electrónicas, etc. Hoxe a nosa vida cotiá faise de forma dixital e con ela tamén a ciberdelincuencia disparouse nos últimos anos.

Os delitos asociados as novas tecnoloxías crece a un ritmo dez veces maior que outras delincuencias. O número de ciberdelitos aumenta cada ano. No primeiro semestre do ano pasado denunciáronse 12.000 casos en Galicia, 66 cada día, un 48 % máis dos que se rexistraron no 2021. O incremento no 2022 sobre o ano 2019 é case o dobre, un 99 % máis de denuncias. Ningún outro delito ten hoxe estas cifras.

A pesar disto, as empresas galegas relaxaron as súas medidas de seguridade fronte os ataques informáticos. As empresas protexidas descendieron un 22 % nos últimos anos. A metade das pemes con sede en Galicia de menos de 10 empregados/as non conta con ningún sistema de defensa. Entre as máis grandes hai un 14 % que tamén son vulnerables. Segundo os datos do Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA) o 4,4 % das pemes de menos de dez traballadores sufriu un incidente de seguridade en 2022 así como o 16 % das de maior tamaño. A pesar disto, hoxe temos case 25.000 empresas menos protexidas que fai dous



anos. Se en 2020 case 110.000 empresas contaban cun sistema de protección esta cifra descendeu xa en 2021 a 89.100 e a caída confirmou o ano pasado ao baixar a 85.134, isto significa que temos unhas 74.000 empresas que son vulnerables a delinquentes informáticos. En total 1.822 empresas galegas sufriron ciberataques o ano pasado segundo os datos do Osimga. O 35% tiveron que interromper a súa actividade por esta intrusión, outro terzo sufriu destrución e corrupción de datos e o resto un 29% divulgáronse datos confidenciais da compañía.

Estes ciberataques afectaron non só a firmas grandes, de dez ou máis empregados, senón tamén a microempresas. De feito, as pemes normalmente son o obxectivo preferente dos delinquentes informáticos, xa que acostuman a ter menos medidas de seguridade que as grandes, polo tanto son máis vulnerables.

Calquera problema de ciberseguridade pode causar graves prexuízos ás empresas. Non é soamente que queden sen servizo, senón que non poidan exercer a súa actividade e poden producir danos irreversibles coa destrución ou corrupción de datos. Isto foi o que lle aconteceu a 3.170 empresas galegas no 2022.

Con estas cifras o obxectivo común do Nodo galego de ciberseguridade (CIBER.gal) non se está cumprindo. Ese obxectivo é favorecer unha contorna dixital segura e afrontar, de forma colaborativa, os retos aos que se deben enfrontar empresas e administracións para protexer os seus activos no ciberespazo. Dentro desta meta común, figuran os seguintes obxectivos estratéxicos:

- Facer chegar e concienciar sobre a ciberseguridade á sociedade, ás administracións públicas e ás empresas galegas.



- Dar resposta coordinada a retos complexos en entidades con necesidades específicas.
- Promover a xeración, atracción e retención de talento especializado, investigación e transferencia tecnolóxica
- Posicionar o nodo CIBER.gal a nivel nacional e europeo.
- Desenvolver e potenciar a industria da ciberseguridade en Galicia.

Sobre esta base, a Consellería de Economía, Industria e Innovación, a través do Igape, vén impulsando tamén, nos últimos anos, liñas e programas de actuación que favorecen a implantación de medidas de ciberseguridade no tecido produtivo galego. Medidas que non están funcionando como podemos comprobar nas 25.000 empresas menos protexidas que fai dous anos.

Por iso, dende o nosos grupo parlamentario solicitamos que a Xunta de Galicia ten que facer un maior esforzo económico e na concienciación para protexer da ciberdelincuencias as nosas pemes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso plan de apoio para pemes, dotado de axudas económicas, para facer fronte a ciberdelincuencia, así como unha campaña de concienciación entre as empresas galegas sobre a importancia da ciberseguridade.

Santiago de Compostela, 14 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:51:47
Nº Rexistro: 59780
Data envío: 14/09/2023 12:51:47,742

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2023 12:48:34

Martín Seco García na data 14/09/2023 12:48:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 12:48:53

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216132

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia quere impulsar o papel dos centros de información á muller para prestar atención directa e experta ás persoas LGTBI segundo anunciou o 12 de setembro a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, Elena Rivo, tras asistir á reunión do Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Baixo o argumento de aproveitar a experiencia dos centros de información á muller (CIM) para apoiar a este colectivo nas súas necesidades non se entende que O goberno do PP na Xunta pretenda concentrar os servizos de atención ao colectivo LGTBI nos Centros de Información á Muller (CIM), desviándose do que marca a lexislación autonómica. Tal e como recolle a Lei do 2014 de Igualdade de Trato e Non Discriminación das persoas LGTBI, a obriga do goberno e a creación e posta en marcha de recursos e centros específicos e propios, tal e como estipula o artigo 8 da norma galega.

Lonxe de cumprir, a Xunta reafírmase “na infamia” que supón derivar estas competencias nos CIM sen destinar máis recursos nin dotar de máis persoal e moito menos proveer de máis formación aos traballadores e traballadoras co que se conta nestes servizos.

A Consellería de Emprego e Igualdade, ademais de cargar de competencias que non corresponden aos CIM, segue ignorando as queixas do persoal que se



ve sobrecargado e sen persoal experto en asesoramento en diversidade.

Nun momento no que a loita contra a violencia machista é prioritaria e cun repunte das violencias LGTBIfóbicas o que se precisa é redobrar os esforzos e non escatimar recursos. Tal e como ten defendido o PSdeG-PSOE, os centros de apoio á muller deben dedicarse en exclusiva á loita contra a violencia machista. E o Goberno da Xunta ten a obriga de cumprir o artigo 8 da lei LGTBI de Galicia, incumprida desde o seu inicio, e crear os centros de asesoramento para as persoas LGTBI máis nuns tempos nos que as violencias machistas e contras as persoas LGTBI nos azoutan cada día.

Xunto a atención é fundamental traballar na prevención e na educación, con estas finalidades foi coa que se crearon os centros Quérote que co actual goberno do Partido Popular teñen experimentado unha política de desmantelamento, recorte de orzamentos xunto a un incremento nas súas funcións.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Dar cumprimento de inmediato ao artigo 8 da Lei LGTBI de Galicia, que contempla a posta en marcha e creación de centros de asesoramento propios e específicos para as persoas LGTBI.
2. Remitir a Cámara galega, tal e como contempla a lei con carácter trianual, un informe de aplicación actualizado da Lei 2/2014.

Santiago de Compostela, 14 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 12:53:16
Nº Rexistro: 59786
Data envío: 14/09/2023 12:53:16.179

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/09/2023 12:40:02

Julio Torrado Quintela na data 14/09/2023 12:40:12

Marina Ortega Otero na data 14/09/2023 12:42:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 12:42:57

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216135

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España presidido por Pedro Sanchez traballou intensamente durante 4 anos para levar a cabo unha modernización da xustiza española, tanto no relativo á natureza dos procesos xudiciais como nos medios de acceso á xustiza.

Sen embargo, o desenvolvemento informático da xustiza en Galicia atópase moitas décadas atrás e a lentitude dos medios tecnolóxicos nas vilas pequenas, tanto de Minerva como do portal Efideliu, dificulta a labor xudicial.

Diariamente os funcionario e funcionarias de xustiza perden minutos de tempo desesperados porque os ordenadores non cargan os programas.

Se por parte da Administración de Xustiza, preténdese unha xustiza máis áxil e con mellores medios tecnolóxicos, teñen que poñer os medios axeitados para elo pero de pouco ou nada servirá que se poida alcanzar o pleno aproveitamento de programas e aplicacións nos xulgados e tribunais se as traballadoras/es e os cidadáns e as cidadás se van atopando con numerosos obstáculos para poder lograr a utilización efectiva das novas tecnoloxías.



Esta situación esténdese por todo o territorio pero agrávase aínda máis nas vilas e cidades pequenas na medida en que iso provoca unha maior diferenza por territorios no tratamento dos cidadáns ante a xustiza, ao depender a maior eficiencia procesual dos órganos xurisdicionais do municipio en que se atopen os mesmos.

Dende o Grupo Socialista solicitamos á Dirección Xeral de Xustiza que tomen as oportunas medidas a fin de mellorar a axilidade dos medios tecnolóxicos tanto Minerva como do resto de aplicacións, sobre todo nos pequenos municipios e vilas que son os máis abandonados.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a tomar as oportunas medidas a fin de mellorar a axilidade dos medios tecnolóxicos tanto Minerva como do resto de aplicacións, sobre todo nos pequenos municipios e vilas que son os máis abandonados.

Santiago de Compostela, 14 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 13:41:49
Nº Rexistro: 59800
Data envío: 14/09/2023 13:41:49.538

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 14/09/2023 13:38:56

Pablo Arangüena Fernández na data 14/09/2023 13:39:04

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 13:39:13

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216138

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Cristina Fernández Davila** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, relativa aos recortes da Xunta de Galiza no CEIP A Ponte de Ourense e ás rectificacións que debe impulsar para garantir unha educación pública de calidade e que non discrimine o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e necesidades educativas especiais.

Exposición de motivos

O curso 2023/2024 está a comezar nos colexios galegos co maior recorte de aulas e de supresión de profesorado dos últimos anos, que o sindicato maioritario do ensino cifra en até 60 unidades pechadas coa supresión de 89 mestras e mestres, sen contar outros corpos.

Un dos CEIP afectados por esta situación é o CEIP A Ponte, situado no barrio do mesmo nome da cidade de Ourense e que é o barrio máis poboado da terceira cidade de Galiza. Xa no mes de xullo a ANPA protestaba pola supresión de persoal de infantil malia o incremento de matriculacións e desde o centro demandábase á Xunta de Galiza recursos humanos e materiais suficientes e que non se suprimise unha aula, xa que iso repercutía na perda de dúas mestras e unha de apoio e repercutiría dunha rateo superior.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza, lonxe de atender estas demandas, continuou avanzando no recorte de persoal xa que no verán, sen preaviso e sen consenso, suprimiuse tamén unha praza de coidador ou coidadora. Así as cousas, iniciado o curso escolar, o CEIP atópase nunha situación límite para poder cubrir todas as súas necesidades. É preciso recordar que o papel das e dos coidadores é fundamental para atender diversos tipos de necesidades no centro, desde alumnado con TEA ou TDH a alumnado con dificultades motrices. Así mesmo, o centro soporta unha sobrecarga neste momento para atender ao alumnado con necesidades específicas pois os postos cubertos de especialista en Pedagogía Terapéutica non son suficientes para poder atender as diferentes situacións.

É necesario recordar que no caso dos mestres e mestras o noso país sofre xa 13 anos con recortes constantes que repercuten na sobrecarga no seu horario lectivo, xa que no ano 2010 pasaron de 21 a 25 sesións lectivas, e que sofren tamén unha crecente burocracia. Desde hai anos é tamén reclamación unánime de familias, alumnado e profesorado a redución das ratios para aproximalas aos países máis avanzados da contorna europea e para garantir unha atención máis específica ao alumnado, que repercutiría de forma positiva no seu conxunto e de forma especial naquel alumnado con necesidade específica de apoio educativo e con necesidades educativas especiais.

A educación pública é un dereito que debe ser garantido por parte da administración autonómica, e para que ese dereito sexa efectivo é preciso que os centros teñan unha dotación suficiente de persoal, algo que ademais é fundamental nas idades máis temperás, onde a detección de dificultades na fala, na escrita ou nos procesos de ensino-aprendizaxe son claves para unha intervención personalizada que garanta o avance do alumno ou alumna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a atender as demandas da comunidade educativa do CEIP A Ponte e a constituír unha mesa de traballo para abordar as seguintes cuestións:

1. Incorporar de forma inmediata para o curso 2023/2024 unha persoa coidadora e unha persoa especialista en pedagogía terapéutica máis ao cadro de persoal.
2. Impulsar, para o curso 2024/2025 os reforzos materiais e humanos necesarios co obxectivo de rebaixar as rateo de alumnado e mellorar a calidade do proceso de ensino-aprendizaxe, valorando alternativas como recuperar a liña de infantil suprimida e impulsar máis desdobres en primaria.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Cristina Fernández Davila

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Poratvoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 14/09/2023 16:34:42

Cristina Fernández Davila na data 14/09/2023 16:34:47

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2023 16:34:53

Noa Presas Bergantiños na data 14/09/2023 16:35:02



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión 7.^a, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentario Popular comprometeuse co seu voto a que o Goberno galego a consecuencia das recomendacións do Parlamento de Galicia dera cumprimento o Ditame da Comisión especial non permanente de estudio e análises das reformas da política forestal, de prevención e extinción de incendios forestais e do Plan Forestal de Galicia.

Dentro deste compromiso figuraba a medida 53 na que a Comisión de estudo recomendaba desenvolver, nesa lexislatura, unha actualización da lexislación reguladora dos Montes Veciñais en Man Común, Lei 13/1989.

A finalidade principal desta nova lei de MVMC é adecuar a súa regulación á situación actual destes MVMC. Dentro desta actualización deberán terse en conta de xeito particular o impulso do aproveitamento económico dos MVMC.

O Grupo Parlamentario Socialista leva insistindo na necesidade da modificación lexislativa aludida e a propia Organización Galega de Montes Veciñais en Man común presentaba unha proposta de lei de montes veciñais, avalada por 12.000 sinaturas, que era vetada polo Grupo Parlamentario Popular co seu voto en contra.



O Goberno aludía en que elaboraría un libro branco sobre o cal se elaborará o anteproxecto, libro no que alega estar traballando dende principios do ano 2022.

O mencionado libro branco debería contar coas aportacións realizadas no proceso de achegas, unha análise da situación cunha diagnose precisa e unha proposta baseada nos puntos anteriores.

Entende este grupo parlamentario que o libro branco elaborado polo Goberno galego non reúne as condicións anteriores.

Por ilo, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incluír no libro branco de Montes Veciñais en Man Común unha análise rigoroso sobre a situación dos MVMC levando a cabo unha investigación pormenorizada sobre a situación dos mesmos, grado de goberno, xestión que se está a levar a cabo que sirva para acometer a necesaria reforma lexislativa adaptada a situación actual.

Santiago de Compostela, 14 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 17:03:45
Nº Rexistro: 59827
Data envío: 14/09/2023 17:03:45.288

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 14/09/2023 17:00:36

Martín Seco García na data 14/09/2023 17:00:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 17:00:58

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216145

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Olalla Rodil Fernández**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para a prevención e atención ao suicidio en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Acabamos de conmemorar o Día Mundial para a Prevención do Suicidio, e lamentabelmente vemos como en Galiza o número non deixa de medrar. Segundo os últimos datos publicados polo IMELGA no ano 2022 no noso país quitáronse a vida 340 persoal, 9 máis que o ano anterior, practicamente unha ao día.

O suicidio en Galiza segue a ter unha altísima prevalencia, no noso país quitáronse a vida 4.501 persoas dende o ano 2010.

Galiza segue tristemente á cabeza das taxas de suicidios no Estado español. Os últimos datos publicados polo INI mostran que en 2022 quitáronse a vida no 4.097 persoas, 11 persoas ao día, das que unha delas foi galega.

Uns datos alarmantes, xa que colocan esta causa de morte dos primeiros por causas externas, non naturais, e convérteno nun problema con consecuencias sanitarias, e sociais de primeira orde. A OMS estima que por cada morte por suicido consumada prodúcese entre vinte e trinta tentativas.

As cifras non paran de medrar, son especialmente preocupantes entre a xente moza, onde é a principal causa de morte





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A pandemia orixinada pola Covid 19 e a tremenda crise actual deixan en evidencia que se antes os servizos de saúde mental, en xeral e de atención ao suicidio en particular, eran raquíuticos, agora son absolutamente insuficientes para atender á poboación.

A Xunta de Galiza presentou no mes de setembro do 2017 no Parlamento Galego o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia. Seis anos despois é papel mollado. A súa concreción en medidas e a dotación de recursos é máis que insuficiente, en orzamentos, en aumento de persoal, en seguimento ou avaliación da situación. Non coñecemos que tiveran feito ningunha memoria anual de actividade e seguimento nin tampouco informe de resultados.

Estes datos evidencian que o Plan de Prevención non está atallando o problema. A dimensión mesmo debería levar á Xunta a poñer en marcha medidas de prevención do suicidio de xeito prioritario, mais non está acontecendo, a pesares do drama que supón para moitas persoas e o imponderábel custe social que ten. Esta situación vólvese intolerábel cando poden ser mortes prematuras evitábeis.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a poñer en marcha as seguintes medidas para a prevención e atención ao suicidio:

1.- Presentar no prazo máximo dun mes unha memoria sobre os resultados do Plan Galego de Prevención do Suicidio publicado en 2017, dende ese data até a actualidade: orzamento, número de unidades, persoal, persoas atendidas, listas de espera, medidas de prevención, de atención..





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.- Compromiso de publicación anual dunha memoria da actividade e resultados do Plan.

3.- Posta en marcha das medidas precisas para dispor de análise de datos, investigación e vixilancia, con datos actualizados e precisos, xa que a calidade, axilidade e regularidade dos datos en relación cos suicidios e autolesións é un dos piares básicos na prevención.

4.- Realizar un estudo para determinar as características das persoas suicidas en Galiza, de cara a establecer o alcance das medidas a tomar para actuar con eficacia.

5.- Posta en marcha de Programas de Intervención Intensiva da Conduta Suicida para a atención e prevención do suicidio que conte con equipos específicos en cada Área Sanitaria, de persoal sanitario e os recursos humanos e económicos necesarios para atender as necesidades da área no relativo ás condutas suicidas.

6.- Campañas de concienciación e de prevención de condutas suicidas e de autolesión, dirixidas a diferentes sectores e tendo en conta, a respecto das mensaxes, factores como a idade ou o xénero.

7.- Creación nos Centros de Saúde de Atención Primaria de prazas de psicólogos@s, clínicos@s, terapeutas ocupacionais, traballador@s sociais... que permita a creación de equipas multidisciplinares para prestar unha atención integral e actuar na prevención e prestación e detección.

8.- Creación de unidades hospitalarias de atención infanto xuvenil en todas as áreas sanitarias, co persoal e orzamento preciso.

9.- Presentar no prazo máximo dun mes un informe co estudo de necesidade de persoal de saúde mental, psiquiatras, psicólogos clínicos, enfermería especialista en saúde mental, as prazas de formación das mesmas dos últimos dez anos e a planificación para os seguintes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

10.- Aumentar as prazas de formación tanto de profesionais de psiquiatría, psicoloxía e enfermaría especialista en saúde menta, para cubrir todas as necesidades tanto na atención primaria como hospitalaria.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 14/09/2023 16:56:03

María Montserrat Prado Cores na data 14/09/2023 16:56:07

Iria Carreira Pazos na data 14/09/2023 16:56:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o convenio coa UVigo para a modernización do marco lexislativo local.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta e a Universidade de Vigo asinaron en maio de 2022 un convenio por valor de 60.000 euros para a creación e desenvolvemento da Cátedra de Bo Goberno local. O convenio ten vixencia até o mes de novembro de 2023 e contempla diferentes actividades (Congreso loalis, Informe anual, Observatorio integral dos concellos e deputacións galegas...

Xunto con este convenio, a Xunta informou en xuño de 2022 da aprobación dun proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio coa Universidade de Vigo para o proceso da revisión, mellora e actualización do marco lexislativo en materia de administración local (nova norma do réxime das entidades locais), con unha dotación de 60.000 euros.

No mes de xullo de 2022 o vicepresidente da Xunta e o reitor da UVigo presentaron publicamente estes dous acordos de colaboración, con unha dotación total de 110.000 euros.

A vixencia destes dous convenios remata no mes de novembro de 2023.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento insta a Xunta a informar ao parlamento das previsións en relación coa elaboración dunha nova norma do réxime das entidades locais.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2023 17:13:33

Iria Carreira Pazos na data 14/09/2023 17:13:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2023 17:13:56



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Noelia Otero Lago** e **Noa Díaz Varela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Educación informou o curso pasado a súa intención de iniciar unha negociación cos distintos sindicatos para abordar asuntos capitais como a baixada de rateos, a diminución de horas lectivas e da xornada semanal, así como a necesidade de reducir o exceso de carga burocrática. Tal e como veñen de denunciar sindicatos como UGT comezado o novo curso escolar non houbo nin hai convocatoria de mesa sectorial.

A comunidade docente leva anos pedindo a recuperación dun dereito arrebatado polo Real decreto 14/2012, unha medida temporal de inicio que non chega nunca ao seu fin. Atender esta reivindicación da redución do horario lectivo para mellorar as condicións actuais dun profesorado que non só na pandemia senón estes anos posteriores carece de tempo dabondo para desenvolver unha planificación, coordinación ou a atención ao alumnado con necesidades. Ademais de horarios e rateos e tal e como vimos demandando desde o Grupo Parlamentario Socialista á Consellería non pode impoñer de xeito unilateral marcos baseados en cifras frías en lugar de primar un ensino de calidade axustado as necesidades actuais do alumnado. Desde UGT Ensino veñen demandando en diversas campañas unha redución de rateos que, coa baixada da natalidade, a Administración ten a oportunidade de facelo con custe cero. Amais de non dialogar, a resposta que traslada a Consellería cada novo curso e a supresión de unidades e docentes. As tarefas como docentes son numerosas e a estas engádense cada vez máis horas e horas de burocracia.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Recuperar o horario lectivo. Establecer 21 horas lectivas en Educación Infantil e Primaria, e 18 no resto das etapas.
2. Convocatoria da Mesa Sectorial para, entre outros asuntos, abrir un diálogo de cara a poñer en marcha un axuste e baixada de rateos progresiva aproveitando a baixada de matriculación.

Santiago de Compostela, 13 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 14/09/2023 17:54:28

Noa Susana Díaz Varela na data 14/09/2023 17:54:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 17:54:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre as medidas previstas para evitar a siniestralidade viaria en Ourense como consecuencia da irrupción de animais salvaxes durante a tempada de “emerxencia cinexética temporal”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza ven de acordar a declaración de emerxencia cinexética temporal en 11 das doce comarcas de Ourense, e 87 dos 92 concellos da provincia, o 95% dos existentes.

A declaración de emerxencia cinexética se estendería dende o día 16 de setembro de 2023 ate o 25 de febreiro de 2024, máis de 5 meses. Período de tempo no que se permitirá abater xabaríns sen límite de capturas, dando prioridade as femias, permitindo o uso de medios como visores, detectores de presenza ou cebos que faciliten a cacería.

Igualmente, xunto coa ampliación dos períodos de caza, tamén outorgarase a posibilidade da súa práctica en xornadas non previstas nos plans de aproveitamento dos tecores, en calquera día da semana. Nas zonas libres de caza precisaríase autorización previa e nos terreos de réxime cinexético especial abundará comunicación á xefatura





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

territorial. É dicir na práctica totalidade da provincia de Ourense calquera día pode ser “hábil” para a práctica da caza do xabarán.

Ao marxe da valoración e da eficacia e consecuencias das medidas adoptadas para controlar a poboación do xabarán, que tantos danos está a causar na agricultura de Galiza en xeral e de Ourense en particular; o certo é que o incremento da actividade cinexética e a súa posible ampliación a practicamente calquera día dos próximos 5 meses supón un risco evidente para a seguridade viaria.

Como reiteradamente se ten manifestado, a práctica da caza implica o instintivo desprazamento dos animais -algunhas modalidades de caza consisten precisamente en provocar eses desprazamentos - mesmo fora dos seus hábitats naturais, producíndose a súa irrupción nas vías de circulación e transito de vehículos. Os días hábiles para a práctica da caza son días nos que, habitualmente, se produce un incremento dos accidentes de circulación, provocados non só polos animais a abater ou outras pezas de caza, senón por calquera animal salvaxe que que fuxe da ameaza.

A realidade deste incremento do risco de accidentes de circulación provocado pola actividade cinexética é tan evidente que ate a lexislación actual de tráfico e seguridade establece nun prazo de 12 horas dende o remate da acción colectiva de caza, o período de alteración da fauna e no que un accidente se pode presumir consecuencia da actividade cinexética.

Xa que logo, e ao marxe doutras consideracións e valoracións, a medida adoptada debe ser complementada con outras que impidan un incremento da sinistralidade viaria e, xa que logo, e do perigo para integridade físicas das persoas, como tamén que trasladen a asociacións e particulares os riscos inherentes á medida adoptada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para reducir o risco que para a sinistralidade viaria e para a integridade física e patrimonial das persoas implica a declaración de emerxencia cinexética temporal.”

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Paulo Ríos Santomé

Xosé Luís Rivas Cruz

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 14/09/2023 17:53:21

Xosé Luis Rivas Cruz na data 14/09/2023 17:53:25

Paulo Ríos Santomé na data 14/09/2023 17:53:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 14/09/2023 17:53:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No anterior Goberno municipal de Baiona, sendo alcalde desta vila, Carlos Gómez, xestouse e formouse a Asociación Internacional de Cidades Colombinas (CICO). Unha asociación deseñada para construír un Patrimonio da Humanidade común, que una os pobos e os continentes de Europa, América e África. Un dos obxectivos de dita asociación é dar impulso á Ruta do Encontro entre Tres Mundos (Europa, África e América), fiel itinerario que seguiu no seu día Cristóbal Colón e lograr a súa visibilidade, recoñecemento e promoción internacional.

Forman parte de CICO os concellos de Santa Fe, Baiona la Real, San Sebastián de la Gomera e Palos de la Frontera, o Cabildo Insular da Gomera e o Goberno de Canarias. Ademais, a cidade de Las Palmas de Gran Canaria publicamente mostrou o seu desexo e compromiso para formar parte da mesma. Tamén a cidade de Granada, en palabras do seu anterior alcalde, indicou o seu interese para unirse a un proxecto tan ambicioso.

Esta asociación naceu cunha perspectiva de crecemento e con vistas a alcanzar grandes cotas, como ser Patrimonio Universal da Unesco. Así darase a coñecer o nome de Baiona no mundo e conseguiríase un aumento exponencial dos visitantes á vila de Baiona, pero tamén un intercambio cultural, económico e social entre vilas de tres continentes.



Ó igual que a festa da Arribada consegue traer ao municipio de Baiona decenas de miles de persoas en temporada baixa, coa creación da Ruta do Encontro entre Tres Mundos, Baiona podería mellorar moito e alcanzar grandes taxas na desestacionalización do turismo.

No pasado mes de marzo, na festa da Arribada o presidente da Xunta asistiu ós actos principais da mesma. Pola importancia deste proxecto, no discurso pronunciado polo actual presidente da Xunta deixou clara a súa vontade de que a Xunta de Galicia se uniría a CICO e que dende o Goberno autonómico realizarían os trámites necesarios non só para a adhesión, se non tamén para a potenciación da asociación.

Xa pasaron seis meses dende que o Sr. Rueda expuxo publicamente na festa da Arribada, diante dos representantes dos pobos irmáns e da veciñanza baionesa o seu compromiso con CICO e con Baiona.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia e, nomeadamente ao seu presidente, a que inicie os trámites necesarios para que a vila de Baiona forme parte da Asociación Internacional de Cidades Colombinas, debido á importancia e repercusión pola que esta asociación foi creada. Cumprir coa promesa dada ó pobo de Baiona.

Santiago de Compostela, 14 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2023 18:25:48
Nº Rexistro: 59869
Data envío: 14/09/2023 18:25:48.334

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 14/09/2023 18:23:08

Martín Seco García na data 14/09/2023 18:23:16

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 14/09/2023 18:23:25

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
216160

@PSdeG





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59971
Data envío: 19/09/2023 09:26:12.166
Data 19/09/2023 09:25

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno do Parlamento- do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para informar **"do inicio do curso 2023-24 no ensino non universitario de Galicia".**

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 59971
Data envío: 19/09/2023 09:26:12.166

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 19/09/2023 7:25:50

CSV: BOPGDSPG-iaDCfoQws-3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

As deputadas e o deputado abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego**, e integrantes da Comisión 4ª, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 144 do Regulamento da Cámara, solicitan á Mesa do Parlamento que proceda á tramitación de **comparecencia urxente na Comisión 4ª do secretario xeral de Política Lingüística**, para explicar o posicionamento da Xunta a respecto do uso do galego no Congreso.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 14/09/2023 16:04:49

Daniel Castro García na data 14/09/2023 16:04:54





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 14/09/2023 16:05:06



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

